

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE
OUTUBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e nove de outubro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, e don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de xullo e sesión extraordinaria do día 22 de agosto de 2009

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de xullo e sesión extraordinaria do día 22 de agosto de 2009.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos dezanove

concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de delegación na Deputación Provincial da Coruña das competencias para a instrución dos expedientes sancionadores por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal de data 16 de outubro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 27 de outubro de 2009.

O Sr. alcalde informa de que o PP acaba de presentar unha emenda, unha emenda que non está presentada nin en prazo, nin en forma, polo que non ten ningunha vinculación neste tema. Di que o que si poden acordar é que nos orzamentos do ano que vén se incremente a partida de seguridade viaria, con base neses temas, poden adoptar o compromiso de que na partida dos orzamentos se incremente.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que, en todo caso, gustaríalles que explicaran un pouco a proposta, e así o seu grupo tamén podería explicar os motivos da presentación da emenda.

O Sr. alcalde pide á secretaria que dea lectura ao regulamento.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o regulamento o teñen claro, que simplemente pide que se explique cal é a proposta do goberno, cal é o punto que están debatendo, para que o saiban os veciños e eles mesmos. Pide que se inicie o debate do punto antes da votación.

A Sra. secretaria sinala que a emenda é unha proposta de modificación dun ditame, ou proposición presentada por calquera membro, e deberá facerse por escrito a través do rexistro de entrada antes das 15:00 horas do día anterior.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o que queren é que se debata o punto da orde do día, non están falando da emenda.

O Sr. alcalde di que iso non entra na orde do día, porque non está nin rexistrado, nin cumpre co regulamento, e que por iso antes dixo que pensaba que podían debater noutro

pleno o incremento da partida de seguridade viaria que o PP propón, pero que o tema da delegación na Deputación non ten nada que ver con iso.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que sen ningunha dúbida, que iso o poden debater noutro momento e agora debater o punto da orde do día.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que a proposta que fai o equipo de goberno é moi sinxela, que a partir de agora, os que leven a xestión das multas, en vez de técnicos municipais, sexan os técnicos da Deputación. Trátase dun trámite meramente burocrático, non están a falar de nada que non sexa iso, sinxelamente que delegan unha tarefa propia do municipio na Deputación, igualmente que fixeron con outras moitas tarefas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o seu grupo ve claro que un dos efectos desta medida vai ser que se mellorará a recadación en multas e, evidentemente, eles fan a lectura positiva de que todas as sancións de tráfico que se impongan por infraccións do código, vanse chegar a cobrar, é dicir, que o infractor as vai pagar. Para eles iso é un punto positivo, pero tamén ven que aquí hai dúas partes que están obrigadas a cumprir cos seus compromisos, unha os veciños e os cidadáns, que teñen que cumprir as normas, e outra todas as administracións, e entre elas o Concello de Cambre, que teñen que cumprir coa súa obriga, que é manter en boa situación as vías públicas, así como desenvolver políticas activas de educación viaria, e de seguridade viaria.

Continúa dicindo que o sentido da súa emenda, aínda que non a poidan debater aquí, nin incluír nos acordos, é instar a que de aquí saia o compromiso, aínda que sexa verbal, e que conste en acta, de que o Concello de Cambre se comprometerá a que o incremento da recadación, o que se cobre de máis polas multas, se destine a mellorar a seguridade viaria do concello e, sobre todo, que se destine a políticas activas educativas sobre a seguridade viaria, nos institutos, nas asociacións e nos colexios do concello.

Conclúe dicindo que unha das propostas que tanto EU-IU como o PP presentaron en plenos anteriores, foi que se mellorara a sinalización. É un tema que cren que é moi importante, e é un dos puntos que eles entenden que se deberían acometer coa mellora da recadación. En todo caso, di que o voto do seu grupo vai ser positivo.

O Sr. alcalde manifesta que, como dixo antes, a emenda non se pode tratar, pero el a respecta, e, no vindeiro orzamento, incluírán unha partida para mellorar o que o PP dixo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo tamén coincide en que esta delegación pode ser positiva para o concello. En primeiro lugar porque se vai recadar máis diñeiro, e dalgunha maneira iso vai repercutir en moitas cousas, non só no que é a seguridade. E, por outra parte, di que tamén vai influír bastante porque o concello vai aforrar recursos persoais que agora mesmo lle estaban dedicando bastante tempo a esa cuestión.

Continúa dicindo que o que si cre é que non se pode vincular unha cousa como é a recadación, coa seguridade, a educación viaria e a sinalización do concello. El cre que esas cousas son imprescindibles, á marxe de que se recade máis ou menos. Son cuestións de primeira necesidade, e cada ano haberá que dedicarlle un diñeiro nos orzamentos a eses temas, e se o poden mellorar cada ano, entón moitísimo mellor. Di que se do tema que están a tratar se pode desviar diñeiro, pois ben, pero como dixo non se pode vincular unha cousa á outra, e cre que é necesario que cada ano nos orzamentos se destine diñeiro para reparar estas cousas.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros esixida no art. 47.2 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Delegar na Deputación Provincial da Coruña as competencias necesarias para a instrución dos expedientes sancionadores por denuncias cursadas polo Concello de Cambre por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, con adhesión particular e expresa do Concello de Cambre ás bases para a prestación de servizos en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobadas pola Deputación Provincial na sesión plenaria do 26 de xuño de 2009.

Segundo: Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de trinta días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación, para a presentación de alegacións ao devandito acordo.

Terceiro: De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo quedará definitivamente aprobado.

3º Proposta de modificación para o 2010, das ordenanzas fiscais números 14 e 15, reguladoras das taxas pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos, e por subministración de auga

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal de data 16 de outubro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 27 de outubro de 2009.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2010 e seguintes as modificacións do texto das ordenanzas fiscais que a continuación se relacionan, segundo se transcribe a continuación:

- Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos.

Modifícase a presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

- Ordenanza fiscal nº14, reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais.

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20, epígrafes 1 e 4.o) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 de dito texto legal, este Concello establece a “taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º. - Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización das instalacións deportivas municipais especificados nas tarifas contidas no artigo 5º da presente ordenanza.

Artigo 3º. - Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que se beneficien da utilización das instalacións deportivas municipais que constitúen o feito imponible da taxa.

Artigo 4º. - Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias de ditas entidades.

3. Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando cometeran unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando cometeran unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data de cese.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e consonte ó procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Uso de instalacións deportivas municipais:

Pavillóns polideportivos municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.1	Por hora de utilización	26,25 euros
1.2	Por hora de utilización entre 24:00 h e 9:00 h	31,50 euros
1.3	Equipos federados municipais sénior por hora	10,50 euros
1.4	Equipos categoría sénior e afeccionados participantes en torneos municipais por hora	15,75 euros
1.5	Suplemento por despacho (de billetes)	99,75 euros

Campos de fútbol. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.6	Equipos federados do municipio por hora	31,50 euros
1.7	Equipos non federados do municipio por hora	63,00 euros
1.8	Suplemento por despacho (de billetes)	31,50 euros

Pistas polideportivas e canchas de tenis. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.9	Por hora de utilización	7,35 euros

Piscinas municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.10	Entrada libre por día, veciños do municipio	2,21 euros

1.11	Entrada libre bono 6 entradas, veciños do municipio	10,50 euros
1.12	Entrada libre bono 24 entradas, veciños do municipio	31,50 euros

Ximnasia e rocódromo. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.16	Por hora de utilización e persoa	2,10 euros

Campos de chave. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.17	Por hora de utilización	12,50 euros

Os grupos/equipos ou veciños doutros municipios terán un suplemento do 100% das tarifas polo uso das instalacións.

Malia o anterior, a cota da taxa pola utilización das instalacións deportivas será cero nos seguintes supostos:

a) Os actos gratuítos organizados por entidades sen fin de lucro en colaboración co Concello.

b) As actividades das comunidades escolares de centros de ensino público para actos propios da súa finalidade educativa, ata un máximo de sete horas semanais por comunidade escolar.

c) As competicións deportivas federadas de base e o deporte en idade escolar.

d) Os adestramentos deportivos de entidades de carácter deportivo sen fin de lucro, inscritas no rexistro municipal para categorías de base ata xuvenís inclusive na proporción dunha hora por cada dous equipos e tres horas semanais como máximo.

As entidades xuvenís terán unha hora semanal exenta.

Outras entidades sen fin de lucro municipais, para actos non deportivos, terán que solicitar a exención presentando unha memoria explicativa da finalidade do uso.

Artigo 7º. - Réxime de declaración e ingreso.

O ingreso da taxa realizarase mediante autoliquidación, no momento de solicitar a utilización das instalacións deportivas municipais, ingresando o seu importe o solicitante nas entidades bancarias colaboradoras deste Concello e sempre antes de iniciar a ocupación.

Artigo 8º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

- Ordenanza fiscal n.º15, reguladora da taxa por subministración de auga.

Modifícase o artigo 5º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

Artigo 5º. – Beneficios fiscais.

1.- Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 do epígrafe 1 do artigo seguinte.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte á do acordo de aprobación da mesma.

2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico da auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o titular da póliza de abono ou o seu cónxuxe, ostente a condición de titular de familia numerosa, sempre que todos os membros estean empadroados na mesma vivenda.

O beneficiario da bonificación terá que ser titular da póliza de abono ó subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación. O número de fillos acreditarase mediante a presentación do carné de familia numerosa.

A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte á do acordo de aprobación da mesma.

O importe das bonificacións será o seguinte:

- a) Nos abonos de vivendas habitadas por menos de oito persoas, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.
- b) Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m³ consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.

3. Durante o primeiro trimestre de cada ano, o Concello comprobará que os beneficiarios destas bonificacións seguen a reunir os requisitos necesarios para o disfrute das mesma. Para o cal os beneficiarios deberán presentar, antes do 28 de febreiro, ante o concello, a documentación acreditativa daqueles extremos tanto da súa situación familiar e de convivencia, como económica a 1 de xaneiro do ano en curso, que ocasionaron a súa concesión. De non aportar a xustificación necesaria nese termo, procederase a revocar a bonificación concedida con efectos 1 de xaneiro dese mesmo ano.

Segundo: As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2010, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expor ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.

4º Proposta de modificación para o 2010, dos acordos reguladores números 1, 2, 3 e 4, reguladores dos prezos públicos por actividades culturais, extraescolares, deportivas de verán e xuvenís

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal de data 16 de outubro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 27 de outubro de 2009.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os seis concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do texto dos acordos reguladores de prezos públicos, que a continuación se relacionan, segundo se transcribe a continuación:

- Acordo regulador nº 1 do prezo público por actividades culturais.

Modifícase o artigo 4º apartados 2 e 3, do presente acordo regulador, quedando como segue:

Artigo 4.- Contía.

2. Reducións.

A contía dos prezos públicos aos que se refire este acordo, verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

a) As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 por 100 da cota en cada actividade.

b) Cando se inscriban, polo menos, tres participantes dunha mesma unidade familiar, o 50 por 100 nas cotas correspondentes aos menores de idade integrantes dela.

c) As persoas con 55 anos ou máis, o 25 por 100 da cota.

d) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso dos menores de idade cando ambos proxenitores ou o titor do participante o acrediten, así como as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre, terán unha bonificación do 30 por 100 da cota. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia da tarxeta do paro actualizada.

e) Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, terán unha bonificación do 20 por 100 da cota. Para obter a dita bonificación deberase entregar xunto coa solicitude copia do “carné xove”, ou “carné propio da omix”.

f) As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto, o 100 por 100 da cota.

3. As reducións reguladas no apartado anterior, só serán de aplicación a aquelas persoas empadroadas no municipio de Cambre, excepto os posuidores do “carné xove”, e membros do voluntariado de Cambre, non sendo posible aplicar máis dunha delas. En caso de que unha das reducións aplicables, o sexa por ser a persoa pertencente o voluntariado de Cambre, á maior delas aplicaráselle unha redución acumulable do 10%.

- Acordo regulador nº 2 do prezo público por actividades Extraescolares Municipais.

Modifícase o artigo 4º apartados 1 e 3, do presente acordo regulador, quedando como segue:

Artigo 4º.- Contía

1.- A contía do prezo público do Programa de Actividades Extraescolares determinarase aplicando as tarifas do cadro seguinte:

Tarifa mensual	Programa de Actividades nos Centros Escolares	Euros
1	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)	7,50

2	Participación en dúas actividades: unha cultural ou outra e unha actividade deportiva ou outra (de 75 minutos de duración semanal cada actividade)	9,00
Tarifa mensual	Programa de Outras Actividades	Euros
3	Informática (curso de 60 minutos de duración semanal)	7,50
4	Escola de Tenis (curso de 75 minutos de duración semanal)	7,00
5	Escola de Xadrez (curso de 90 minutos de duración semanal)	4,50
6	Ciclismo	4,00
7	Hockey sobre patíns (curso de 75 minutos de duración semanal)	7,00
8	Participación nunha actividade cultural ou deportiva, ou outra actividade (de 75 minutos de duración semanal)	7,00
Tarifa por hora	Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais	Euros
9	Por hora de programa	1,00

As persoas non empadroadas no municipio de cambre terán un suplemento do 50 por 100 nas tarifas do “Programa de Actividades nos centros escolares” e no de “Programa de Outras actividades”

3. A cota do Programa de actividades extraescolares verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

- a. As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 por 100 da cota.
- b. Cando se inscriba máis dun irmán dunha unidade familiar no mesmo programa, que non formen familia numerosa, ao primeiro cobraráselle o 100 por 100 da cota e aos seguintes un 50 por 100 da cota. En todo caso, o desconto aplicarase sempre ás cotas menores.
- c. As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso dos menores de idade cando ambos proxenitores ou o titor do participante o acrediten, así como as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre, terán unha bonificación do 30 por 100 da cota. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia da tarxeta do paro actualizada
- d. Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, terán unha bonificación do 20 por 100 da cota. Para obter a dita bonificación deberase

- entregar xunto coa solicitude copia do “carné xove” ou “carné propio da omix”.
- e. As persoas que acheguen informe remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre, o 100 por 100 da cota.
 - f. Cando unha mesma persoa se inscriba en máis dunha actividade do mesmo programa de Outras Actividades, pagará o 100 por 100 da cota da actividade de maior importe e o 50 por 100 da menor.

En caso de ter dereito a máis dun desconto, só se aplicará o maior deles.

As reducións, só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre, excepto os posuidores do “carné xove” e membros do voluntariado de Cambre.

- Acordo regulador nº 3 do prezo público por actividades deportivas de verán

Modifícase o presente acordo regulador, quedando como segue:

- Acordo regulador nº 3 do prezo público por actividades deportivas.

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece o prezo público por actividades deportivas municipais regulado polo presente acordo.

Artigo 2º. - Concepto.

Os prezos públicos aquí regulados constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades deportivas municipais.

Artigo 3º. - Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público, regulado nesta ordenanza, quen se beneficien das actividades realizadas por este Concello a que se refire o artigo anterior.

Artigo 4º.- Contía.

1. A contía do prezo público, determinarase aplicando as seguintes tarifas:

Epígrafe 1. Servizo de escolas deportivas municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa mensual
1.1	Ximnasia de mantemento de adultos	14,50 euros
1.2	Ximnasia de mantemento de adultos en centros deportivos	14,50 euros
1.3	Escola deportiva de judo	13,00 euros
1.4	Escola deportiva de patinaxe artística	13,00 euros
1.5	Escola deportiva de tenis (perfeccionamento)	15,50 euros
1.6	Outras escolas deportivas (2 horas semanais)	13,00 euros
1.7	Outras escolas deportivas (3 horas semanais)	16,00 euros
1.8	Outras escolas deportivas (4,5 horas semanais)	18,00 euros

Epígrafe 2. Plan de promoción deportiva. Tarifas:

	Concepto	Tarifa/curso
2.1	Escolas de promoción deportiva	27,51 euros
2.2	Cursos de iniciación á equitación de 20 horas	109,20 euros
2.3	Cursos de ata 15 horas	40,95 euros
2.4	Cursos de ata 30 horas	81,90 euros
2.5	Cursos de formación de técnicos deportivos. Cursos realizados en colaboración con outras administracións, federacións deportivas:	
	2.5.1 Ata 50 horas	150,00 euros
	2.5.2 Ata 100 horas	218,00 euros
	2.5.3 Ata 200 horas	286,00 euros

Epígrafe 3. Actividades de Verán . Tarifas:

	Concepto	Tarifa/curso
3.1	Tenis	24,20 euros
3.2	Escalada	17,10 euros
3.3	Kick-boxing	17,10 euros
3.4	Ximnasia mantemento	17,10 euros

3.5	Tai-chi	17,10 euros
3.6	Wind-surf/vela	72,10 euros
3.7	Piragüismo	34,20 euros
3.8	Iniciación atletismo	53,50 euros
3.9	Iniciación á equitación	23,20 euros
3.10	Outros cursos de ata 20 horas	17,10 euros
3.11	Outros cursos, por cada 10 horas máis do fixado no 3.10	7,00 euros
3.12	Campamento Urbano 15 días	75,00 euros
3.13	Campamento Urbano 1 mes	150,00 euros

Sen prexuízo do disposto neste artigo, a contía do prezo público será a que fixe, en cada caso, o Pleno da Corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Pleno da Corporación ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de fomento da educación física e o deporte , así como a adecuada utilización do ocio (artigo 43.3).

2. Reducións.

A contía dos prezos públicos aos que se refire este acordo, verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

a) As persoas que acrediten formar familia numerosa, o 50 % da cota en cada actividade.

b) Cando se inscriban, polo menos, tres participantes dunha mesma unidade familiar nun mesmo programa deportivo aplicarase o desconto do 50 % ás cotas correspondentes ós menores integrantes dela.

c) As persoas con 55 anos ou máis, o 25 por 100 da cota.

d) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso dos menores de idade cando ambos proxenitores ou o titor do participante o acrediten,

así como as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre, terán unha bonificación do 30 por 100 da cota. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia da tarxeta do paro actualizada.

e) Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, terán unha bonificación do 20 por 100 da cota. Para obter a dita bonificación deberase entregar xunto coa solicitude copia do “carné xove”, ou “carné propio da omix”.

f) As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ao respecto, o 100 por 100 da cota.

g) Terán unha bonificación do 100%, sen limitación de renda, as persoas de 65 anos ou mais inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, bonificación que se aplicará tamén aos viúvos/-as, coa limitación do espazo físico da aula.

3. As reducións reguladas no apartado anterior, só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre excepto para os posuidores do “carne xove” e membros do voluntariado de Cambre.

En caso de ter dereito a máis dunha redución, só se aplicará a maior delas. En caso de que unha das reducións aplicables, o sexa por ser a persoa pertencente o voluntariado de Cambre, á maior delas aplicaráselle unha bonificación acumulable do 10 por 100.

4. Os veciños doutros municipios terán un suplemento do 50 % nas tarifas das escolas deportivas municipais e plan de promoción deportiva.

Artigo 5º. - Obriga do pagamento.

1. A obriga do pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade, se ben se esixe o seu depósito previo de acordo co artigo 46.1 do Real decreto legislativo 2/2004.

2. Para os efectos, o ingreso do prezo público realizarase previamente á autorización mediante domiciliación bancaria, que será obrigatoria.

3. No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do depósito constituído.

Artigo 6º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

- Acordo regulador nº 4 do prezo público por actividades xuvenís

Modifícase o presente acordo regulador, quedando como segue:

Artigo 1º. - Fundamento e natureza.

De acordo co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, este Concello establece prezos públicos por actividades xuvenís municipais regulados polo presente acordo.

Artigo 2º. - Concepto.

Os prezos públicos aquí regulados constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algunha das actividades xuvenís municipais.

Artigo 3º. - Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do prezo público, regulado neste acordo, quen solicite ou se beneficie dos servizos ou actividades prestados por este Concello a que se refire o artigo anterior.

Artigo 4º. - Contía.

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza determinarase aplicando as tarifas seguintes:

	Concepto	Tarifa
1	Saídas dun día	12,00 euros
2	Campamentos, aventuras, viaxes e saídas de máis dun día	15,00 euros/ día
3	Cursos (educación non formal)	
3.1	Duración ata 39 horas	20,00 euros
3.2	Duración entre 40 e 99 horas	100,00 euros

3.3	Duración entre 100 e 300 horas	170,00 euros
4	Suplementos	
4.1	Distancia ó lugar de destino superior a 300 Km	0,03 euros/ km
4.2	Aloxamento	10,00 euros/ noite
4.3	Alugueiro de material	5,00 euros/ día
4.4	Subministración de material para actividades	
4.4.1	Dun día	3,00 euros
4.4.2	De máis dun día	6,00 euros
4.5	Subministración de material para cursos	
4.5.1	Duración ata 39 horas	5,00 euros
4.5.2	Duración entre 40 e 99 horas	20,00 euros
4.5.3	Duración entre 100 e 300 horas	50,00 euros

2. A contía do prezo público regulado neste acordo será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Pleno da Corporación ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución dos mandatos establecidos na Constitución española da adecuada utilización do ocio (artigo 43.3) ou de promover as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude (artigo 48)

3. A contía dos prezos públicos aos que se refire este acordo verase reducida na porcentaxe que se sinala en cada un dos supostos seguintes:

a) As persoas que acrediten formar familiar numerosa, o 50 % da cota en cada actividade.

b) Cando se inscriban na mesma actividade ou programa máis dun integrante dunha unidade familiar, o primeiro pagará o 100 % da cota e os seguintes un 50 % da cota.

c) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso dos menores de idade cando ambos proxenitores ou o titor do participante o acrediten, así como as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre, terán unha bonificación do 30 por 100 da cota. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia da tarxeta do paro actualizada.

d) Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, así como os integrantes de asociacións xuvenís de Cambre, que así o acrediten, terán unha bonificación do 50 % da cota.

e) As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo o informe dos Servizos Sociais do Concello de Cambre ó respecto, así como os menores ata cinco anos inclusive, terán unha bonificación do 100 % da cota.

No caso de ter dereito a máis dunha bonificación, só se aplicará a maior delas. En caso de que unha das bonificacións aplicables, o sexa por ser a persoa pertencente o voluntariado de Cambre, á maior delas aplicaráselle unha bonificación acumulable do 10%

4. As reducións establecidas no apartado anterior:

4.1 - non serán de aplicación ó suplemento das tarifas establecido no apartado 5 deste artigo núm. 4º, que deberá ser aboado íntegramente polos usuarios.

4.2 - só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre excepto para:

- os posuidores do “carné xove”
- membros de asociacións xuvenís de Cambre
- membros do Voluntariado de Cambre

5. Os participantes nas actividades e programas que non figuren empadroados no municipio terán un suplemento do 25 % da tarifa xeral.

Artigo 5º.- Obriga do pagamento.

1. A obriga do pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza nace dende que se inicie a realización da actividade, se ben se esixe o seu depósito previo de acordo co artigo 46.1 do Real decreto legislativo 2/2004.

2. No suposto de que por causas non imputables ao interesado deixara de realizarse a actividade solicitada procederase á devolución do depósito constituído.

3. Poderá aprazarse o pagamento das cotas superiores a 150 euros, logo do pedimento dos obrigados, cando a situación da súa tesourería, discrecionalmente apreciada pola

Administración, lles impida efectuar o pagamento da súa débeda total, nos casos e na forma que se determina nas bases de execución do orzamento municipal e nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, do 17 decembro (LXT).

Artigo 6º. - Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións rexeranse polo disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Segundo: Publicar o acordo para o seu xeral coñecemento, no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de modificación de prezos públicos comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2010, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

5º Proposta de aprobación da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, así como das súas ordenanzas fiscais reguladoras

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación e Patrimonio Municipal de data 16 de outubro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior de data 27 de outubro de 2009.

Concedida a palabra a dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol desta proposta, e que lamentan que se teña tardado máis dun ano en tomar a decisión, e que non se enmarque dentro dun plan integral para o saneamento das contas. Di que ese plan integral debería recoller tamén que se acelere a reclamación para esixir a Emalcsa e a Autopistas del Atlántico o IBI por ocupar os terreos de Cambre, como son o encoro de Cecebre ou a autoestrada A-9. O mesmo pasa cos terreos que están ocupando os paneis publicitarios.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que no tema das antenas non ten nada que alegar, parécelle perfecto que se poña unha taxa para que as empresas paguen un canon pola ocupación de terreo e de espazo.

No tema dos caixeiros, como dixo o responsable de Facenda, con bo criterio, cre que ten razón, é unha ordenanza simbólica, porque cre recordar que van recadar uns 300 euros ao ano aproximadamente, porque son cinco caixeiros, pero que está ben que se empece a facer un traballo de formigas no concello, que se empece a sacar diñeiro de moitos sitios, porque cre que o Concello de Cambre é un concello que ten recursos para poder sacar diñeiro. Di que se en moitas cousas se aplicase a filosofía que están aplicando aquí, seguramente ao final de ano non habería que lamentarse, como dicía o Sr. Salcines non fai moito tempo, da perda de aproximadamente 200.000 euros en incobros de moitas cousas, por exemplo, das instalacións de paneis publicitarios, espazos públicos, vaos, etc. Se nesas cousas se aplica a mesma dilixencia que van aplicar no tema dos caixeiros, posiblemente o Concello de Cambre recadaría moito máis.

Continúa dicindo que quere lembrar, agora que ten oportunidade de facelo, que xa o 3 de xullo de 2008 o seu grupo presentou un escrito por rexistro, onde solicitaban a relación, situación e número de paneis publicitarios, que hai bastantes no termo municipal, instaladas por empresas de publicidade. Di que preguntaron polos informes realizados polos técnicos do concello en relación a este asunto, e que se lles facilitara a relación dos ingresos obtidos dende o primeiro día de instalación, en concepto de licenza e taxas facilitadas polo departamento de Intervención en relación ao punto anterior. De que forma foi ingresado e contabilizado nas arcas municipais o diñeiro, e quen autorizou e aprobou os metros cadrados ocupados, tanto no terreo público como privado. Iso entregárono o 3 de xullo de 2008, e a día de hoxe só teñen algún coñecemento, porque algo dos paneis se informou, non a eles persoalmente, pero si que o viron en resolucións de Alcaldía que algo se fixo, do resto seguen sen saber se realmente se cobra pola instalación de paneis publicitarios.

Pide que o que se aplica no tema dos caixeiros, que lle parece ben, deberían de aplicalo nesas cousas, e insiste en que, como xa dixo a voceira que lle precedeu, no tema do IBI de autoestradas e do encoro de Cecebre, el quere dicir aquí claro e alto que esa foi unha iniciativa que presentou o seu grupo bastantes veces neste concello, pero, en todo caso, di que diso van ter tempo de falar despois, porque hai unha pregunta relacionada con este tema.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública.

Segundo: Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal número 21 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e a ordenanza fiscal número 22 reguladora da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, segundo se transcribe a continuación:

ORDENANZA FISCAL NÚM. 21

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa o goce da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestantes de servizos de telefonía móbil, que utilizan o dominio público para prestar estes servizos.

2.- O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración déban utilizarse antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3.- O pago da taxa regulada nesta ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministro de interes xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan explotadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, e que utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, en beneficio particular, con independencia de quen sexa o titular das correspondentes instalacións ou redes.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Responsabilidades do suxeito pasivo

1.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

2.- Se os danos foran irreparables, os suxeitos pasivos indemnizarán ó Concello en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

3.- O Concello non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros ós que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 5 º. Base imponible e cota tributaria.

1.- Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible (BI):

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcularase:

$$BI = Cmf * Nt + (0,95(NH) * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = Consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. Su importe para o exercizo 2010 será o resultado de dividir la facturación por telefonía móbil dirixida á rede nacional entre o número de liñas de telefonía fixa, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. O seu importe é de 58,9 euros.

Nt = Número de teléfonos fixos instalados no Municipio. Será resultado de aplicar ó número de habitantes do Concello de Cambre a taxa de penetración da telefonía fixa sobre

a poboación, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que é de 10.062

0,95 = Coeficiente redutor estimativo que recollería a penetración da telefonía móbil entre a poboación empadroada no termo municipal de Cambre.

NH = Número de habitantes empadroados no Municipio de Cambre a 1 de xaneiro de 2008 é de 22.900 persoas, última cifra oficial aprobada.

Cmm = Consumo medio telefónico estimado por teléfono móbil. Será resultado de dividir os ingresos totais por telefonía móbil entre o número de teléfonos móbiles, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e que é de 279,10 euros/año.

$$B.I= 58,9*10.062+ ((0,95*22.900)*279,10)= 592.651,8+6.071.820,5= 6.664.472,3$$

b) Cota básica (QB):

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base imponible:

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$QB= 1,4\%*6.664.472,3= 93.302,61$$

A cota tributaria por operador determínase aplicando o coeficiente atribuíble a cada un á cota básica global:

$$\text{Cota tributaria/operador} = CE * QB$$

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, en función das liñas contratadas, relativo ó ano en curso, publicada por la CMT

c) Imputación por operador.

Para o ano 2010 o valor de CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son as seguintes:

	CE	Cota anual	Cota trimestral
Movistar	48,87 %	45.596,99 euros	11.399,25 euros
Vodafone	33,10 %	30.883,16 euros	7.720,79 euros
Orange	16,58 %	15.469,57 euros	3.867,39 euros
Yoigo	0,71 %	662,45 euros	165,61 euros
Otros	0,73 %	681,11 euros	170,28 euros

Artigo 6º. Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 7º. Devengo e periodo impositivo.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do periodo impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do servizo, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

Artigo 8º. Normas de xestión.

1.- O Concello practicará as liquidacións definitivas das cotas trimestrais previstas no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

2.- Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán declaración en base aos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2010.

3.- Unha vez concluído o exercizo 2010 os suxeitos pasivos que probaran, en base a datos oficiais, que a súa participación neste período diferira da porcentaxe aplicada aos efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición adicional.-

As ordenanzas fiscais dos exercizos futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercizo 2010.

Se a presente ordenanza debe ser aplicada despois do 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, entenderáanse realizadas respecto a cada un dos exercizos nos que se aplique a ordenanza.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 22

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza

fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público, con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, achegados aos edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros e máquinas sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 5º.-Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ao ano: 80 euros.

Artigo 6º. Devengo e periodo impositivo.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do periodo impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por instalación dun novo caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por eliminación do caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

En todo caso establécese a obriga de declarar de forma fehaciente, ante a administración municipal a instalación e a desinstalación do caixeiro automático ou máquina. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación.

Artigo 7º. Normas de xestión.

O Concello practicará dentro do primer semestre do ano, ou no momento de producirse a instalación dun novo caixeiro, as liquidacións definitivas da cota anual prevista no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

Artigo 8º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Terceiro: Estas ordenanzas fiscais reguladoras de taxas, comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2010, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expor ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, así como o texto completo das novas ordenanzas fiscais durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.

6º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Moción do grupo municipal do PP en contra da subida de impostos prevista polo Goberno nos orzamentos xerais do Estado para 2010

Rexistrada de entrada ao núm. 14589 o día 24 de outubro de 2009. Consta do seguinte teor literal:

“O proxecto de Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 aprobado polo Consello de Ministros o 26 de setembro, contén unha serie de medidas que, de non modificarse, aumentarán a crise á que levou á economía española o presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, e suporán o recoñecemento do fracaso das políticas

socialistas á hora de por solucións a unha crise cuxas consecuencias todo o mundo vaticina que van ser peores en España que no resto dos países do noso contorno.

Ao goberno socialista a única solución que se lle ocorre para paliar a grave situación actual é a de subir os impostos ás clases medias e aos traballadores.

A subida de impostos castiga o aforro e o consumo.

As medidas propostas consisten basicamente en suprimir a dedución de 400 € no IRPF (promesa estrela coa que Zapatero concorreu ás pasadas eleccións xerais), incrementar o IVE de tipo reducido do 7% ao 8% e dous puntos do 16% ao 18%, e acompañalo de recortes no investimento produtivo (baixan os Ministerios de Fomento e Medio Ambiente) e nas políticas de comercio, turismo e PEMES, así como en I+D+i. Igualmente aumentará o tipo impositivo proveniente dos intereses do capital.

O consumo e o aforro son dúas fontes básicas de progreso e estabilidade que ningún goberno que queira inspirar confianza e seguridade na sociedade, pode castigar deste xeito.

A subida de impostos recaerá nas clases medias e traballadoras.

Os produtos que verán incrementado o seu prezo a modo de exemplo, son: roupa, calzado, electrodomésticos, recibo da luz, factura do teléfono, coches, vivenda, alimentación, hostelería, restaurantes, transporte terrestre.... O que pon de manifesto que serán as clases medias e traballadoras as que van soportar as consecuencias desta decisión.

Esta subida fiscal suporá que cada galego desembolsará 487 € de media ao ano para facer fronte a este incremento (estimación realizada polos técnicos do Ministerio de Facenda-Gestha). É dicir, os mileuristas galegos terán que reservar a metade dun dos seus salarios mensuais para facer fronte á subida de impostos anunciada polo Goberno.

A subida de impostos é inxusta, antisocial e provoca máis paro.

A subida de impostos que pretende este proxecto de orzamentos xerais do Estado é ademais especialmente inxusta porque prexudicará a todos os españois pero especialmente, aos que menos teñen.

Así mesmo é antisocial porque vai en contra dos máis desfavorecidos, xa que nin sequera aumenta o gasto social, que ve reducido en 1,2 puntos a súa participación nos PXE, pasando do 52,8% ao 51,6%. E porque vai producir un aumento do paro e do número de desempregados reconecido nos propios orzamentos (a OCDE calcula ao redor de 700.000 parados máis).

En contraposición a estas políticas erróneas do PSOE, o Partido Popular ten demostrado que as reformas fiscais son instrumentos eficaces para a dinamización da economía e a recuperación do crecemento. Menos impostos non significa menos recadación, senón liberación de recursos a disposición das familias e empresas, para que poñan en marcha de novo o motor da economía.

Hai subida de impostos pero ausencia de austeridade.

O executivo pretende gastar máis diñeiro e obtelo de todos os españois a través do aumento impositivo. No proxecto dos PXE para 2010 non hai nada de austeridade: o gasto do Estado sube en case 3.000 millóns máis que o teito de gasto aprobado o pasado mes de xuño e temos o Goberno con máis altos cargos da historia da democracia.

En 2009 os orzamentos eran de déficit e paro, os de 2010 serán de máis déficit, máis paro e máis impostos. Cando o que fai falta é un esforzo de austeridade, o Goberno pretende volver mentir aos españois coa idea de que o gasto social finánciase aumentando os impostos. Con esta forma de entender a solidariedade para os demais, o executivo vai perder unha grande oportunidade de facer uns orzamentos para afrontar a crise, crear emprego e xerar confianza.

Máis impostos tradúcese en menos diñeiro para os concellos.

Sendo os concellos o goberno máis próximo aos cidadáns, van ter que facer fronte a unhas circunstancias sociais difíciles (son os primeiros en recibir o descontento social) e ademais van ter que estreitar aínda máis as súas propias previsións, ante a drástica redución da súa recadación motivada tanto pola crise económica, como polo escaso apoio que van recibir do Goberno ante a inminente diminución das transferencias do Estado. Se se manteñen as previsións orzamentarias do Goberno, o financiamento local incondicionado caerá en 2010 un 17,8% o que supón unha perda de 3.081 millóns de euros respecto de 2009. Ata tal punto a situación está sendo preocupante que a propia FEMP acaba de aprobar unha

moción dirixida ao Goberno en demanda dunha negociación de medidas puntuais para ser incluídas nos PXE de 2010.

Por todo isto, sométese á consideración do pleno a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: Instar ao Goberno á retirada inmediata da proxectada subida de impostos nos orzamentos xerais do Estado para 2010 por inxusta e antisocial, xa que recaerá sobre todo nas clases medias e nos traballadores.

Segundo: Reclamar ao Goberno que atenda as peticións da FEMP e acepte as modificacións propostas nos PXE de 2010, entre as que destaca a de manter todas as partidas e conceptos orzamentarios que sempre se destinaron ás entidades locais, sen recortes nin supresión ningunha.

Terceiro: Dar traslado destes acordos ao presidente do Goberno, ao presidente da Xunta e aos voceiros dos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que pensa que isto non o cre ninguén. Di que cando un fai un discurso e está na oposición, pode dicir o que lle dea a gana, pero que cando goberna e cando se ve. Di que neste caso están falando dun problema, non de Cambre, senón dun problema que hai en todas partes, e están cansados de ver gobernos conservadores en moitos lugares, que fan o contrario do que dixo o concelleiro do PP e, con toda seguridade, se estivera Rajoy tamén faría o contrario. Por exemplo, Merkel, que está na liña do PP, subiu o IVE no ano 2008, e o único que o baixou en toda Europa foi Gordon Brown, do Reino Unido, que por certo ten a súa imaxe moi abaixo e está sendo moi criticado. É dicir, o único que ten baixado o IVE en Europa é un político que sería cercano ao que é hoxe en día a socialdemocracia, e dende logo, cre que non acertou.

Continúa dicindo que, por outra parte, o tema ese de falar das clases medias, e de como é o efecto, está fantástico, pero que as cousas non son así, e a realidade é que viven nunha situación case de deflación. Iso quere dicir que os prezos baixan, non suben, e baixan porque baixan as marxes empresariais, simplemente porque non dan vendido, aínda que haxa un IVE, é así, e se non poden ler as estatísticas. Di que están baixando as marxes empresariais e non hai subida de prezos, polo menos dun xeito xeneralizado, exceptuando un par de conceptos como é a enerxía e outros máis. Con isto quere dicir que, nunha

situación como na que están, onde a inflación está sendo negativa ou practicamente cero, o efecto do imposto vese moi minguado.

Por outra parte, respecto do gasto social di que, vendo as estatísticas, está caendo un 4%, e que iso non ten pasado en toda a súa vida, non o lembran, e non hai libros de estatística que o amosen, hai que acudir á posguerra para ver unha situación de caída tan potente do PIB, e non obstante, ven claramente unha paz social. Pregunta se alguén ve á xente nas rúas manifestándose, se alguén ve folgas xerais, ou o país paralizado. Di que non, e o por que é porque hai un gasto social que non había antes, e a paz social ten un prezo, ten un custo, e hai partidos políticos que queren pagalo, e partidos políticos que non. Cada un ten a súa opción, e a do Goberno é pagala, e están moi a gusto e moi contentos pagando a paz social do país, que é clara e é obvia. Di que é un 4% de caída, que é moi serio.

Continúa dicindo que é máis, que non hai que ir máis lonxe, que hoxe saíu en todas as televisións que EEUU sae da recesión económica, que xa crece, e todos, sexan dunha cor ou doutra, coinciden no motivo, o gasto público do goberno de Obama. Todos coinciden, compren ABC, compren La Razón, ou compren o que queiran, a realidade é a realidade, e o mundo non é o que o PP quere, é o que é.

Conclúe dicindo que eles non só non se avergonzan da postura do Goberno, senón que a defenden con moito orgullo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que só quere dicir dúas cousas, e unha delas porque lle parece moi evidente. Di que non sabe se o Sr. Salcines fai a compra habitualmente, pero cre que lle pode preguntar a calquera dos veciños de aquí, pódelles preguntar se teñen baixado os prezos neste último ano ou se subiron. Di que a lista da compra non baixou, o custo dos ovos, do leite, das patacas, non baixou.

Tamén lle di ao Sr. Salcines que non lle fale de política social, porque debería estar con el en que non hai mellor política social que a da creación de emprego. Pódelle preguntar a calquera parado que cobre 700, 800 ou 900 euros, se prefire seguir no paro ou se prefire ter un emprego, un emprego de futuro. Di que o PSOE o que está gastando é moito, moito diñeiro en partidas sociais, pero porque nesas partidas sociais está incluída a partida de subsidios ao desemprego. Que paguen máis paro pensa que non beneficia a ningún dos cidadáns, nin de Cambre, nin de España, e o que si beneficiaría aos cidadáns de España é

que, dunha vez, o partido do Goberno se propuxera crear emprego, porque esa é a mellor de todas as políticas sociais.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias, voceiro do BNG, manifesta que despois de escoitar o resumo da proposta do PP, que é que se reduza a cobertura do seguro de desemprego, todo empeza a estar máis claro nas políticas económicas que fai cada quen, e di iso, porque cre que foi onte ou antonte, cando saíron os datos estatísticos de Galicia nos que falaban de que 45.000 familias tiñan a todos os seus compoñentes no paro. Admira a valentía do concelleiro do PP por dicir publicamente, nun sitio no que vai constar en acta, que o correcto é diminuír a cobertura por desemprego. Por sorte isto queda gravado e cada quen di o que di, e non hai volta.

Continúa dicindo que, en todo caso, el non vai cualificar moralmente esas opinións, cre que cada quen ten as súas, e os partidos políticos teñen cada un unha liña en política económica diferente, e é bo que sexan claros e que as expoñan dunha maneira precisa para que todo o mundo saiba o que quere escoller.

Di que o BNG, no fondo dunha parte do que propón a moción, está de acordo con ela, e que de feito todos saben que no debate inicial dos orzamentos xerais do Estado a posición do seu grupo foi contraria, e o BNG presentou emenda á totalidade por varias cuestións, pero unha das fundamentais foi precisamente a política fiscal que se propón para o novo ano. Engade que non é porque o seu grupo, coa representación que ten no Congreso, queira ou pretenda que os impostos non se suban sen dar unha razón, senón que, como expuxeron, teñen unha alternativa, porque os servizos públicos, os servizos sociais, a atención social hai que pagala, e se é necesario haberá que subir a imposición, a política fiscal, pero haberá que subila dunha maneira equitativa e progresiva, fundamentalmente progresiva, el cre que iso é o máis importante. Cre que deben pagar máis os que máis teñen, e cre que unha subida dos impostos indirectos de maneira lineal para toda a sociedade, ao final, o que acaba gravando é precisamente ás partes da sociedade que dedican unha maior porcentaxe do seu diñeiro ao consumo, que son os que menos teñen, todo se lles vai en gastar na tenda. Nese sentido o BNG opúxose á política fiscal que se definía polo Goberno neste caso, pero dando alternativas. Dende logo no que non están en absoluto de acordo é en rebaixar o gasto social, de ningunha maneira, porque precisamente o gasto social é o que pode permitir pasar esta etapa negra que se está vivindo, e que a xente sufra o menos posible.

Continúa dicindo que estarían dispostos a apoiar a moción do PP se se producen uns cambios na parte dispositiva, nas cousas que se piden, non no discurso que, en todo caso,

poden compartir algunha parte, aínda que outra lles parece que realmente é unha toma de posición, simplemente porque se está na oposición, porque se estiveran no goberno farían outra cousa totalmente distinta.

Di que eles propoñen ao PP, se quere contar co voto do BNG, a inclusión da emenda que consta do seguinte teor literal:

“Proponse a introdución dun novo punto entre o primeiro e o segundo:

Primeiro Bis. Instar á Xunta de Galicia que demande do Goberno do Estado impulsar unha reforma fiscal baseada nos principios de xustiza, equidade e progresividade, de maneira que recaia sobre todo nas rendas altas.

E proponse substituír o segundo punto polo seguinte texto:

Segundo. Instar á Xunta de Galicia a que reclame do Goberno do Estado que atenda as peticións da FEMP, respaldadas pola FEGAMP, e acepte as modificacións propostas nos orzamentos xerais do Estado de 2010, para que estes garantan a suficiencia financeira dos gobernos locais en 2010 e para manter os servizos básicos que actualmente se lle prestan á cidadanía. En concreto, que se manteñan as partidas destinadas a entidades locais e poder destinar o 60% do novo Fondo de investimento local a políticas sociais.”

Don Henrique Xabier Iglesias manifesta que con ese pronunciamento do concello, pensa que podería haber un certo consenso no rexeitamento dunha política fiscal que o BNG tamén rexeita, aínda que non comparta unha boa parte do discurso que precede á moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que lamenta que o Sr. Iglesias lle teña entendido mal, ou que ao mellor é que se expresou mal, porque o que el quería dicir é que non é un orgullo, non debería ser un orgullo para un goberno, xactarse de incrementar o gasto social, cando o que realmente está facendo é incrementar o gasto en subsidios de desemprego, sería moito mellor que o gasto en subsidios de desemprego, e pensa que todos están de acordo, se rebaixase porque se crea moito emprego. Di que a posición que expresou ao principio, ao mellor non a expresou del todo ben, pero que esa era a posición.

Continúa dicindo que a emenda lles parece ben, pero que non entende moi ben por que propoñen substituír o segundo punto por un texto no que, en vez de instar directamente ao

Goberno, instan á Xunta para que, á súa vez, inste ao Goberno do Estado. Di que non teñen ningún problema, pero que en vez de ser unha modificación proporían que fose unha adición, que fora como un segundo bis.

O Sr. alcalde manifesta que esta moción é fácil de lela, pero que hai que valorar o que está pasando. Di que fai ano e medio, ás persoas que tiñan máis de 65 anos, en concreto fala de 50.000 persoas maiores en Galicia, incrementóuselles en 200 euros a pensión non contributiva, e unha persoa que cobra ese tipo de pensión ten, máis ou menos, 375 euros/mes. Fai ano e medio o goberno da Xunta aprobou unha subida de 200 euros, e naquel entón o Sr. Núñez Feijóo, que estaba na oposición, dixo que ese diñeiro era pouco e propoñía que a subida fora de 565 euros. Agora non só non quere respectar os 200 euros, senón que non ten en conta a oferta de 565. Por iso, eles piden que a Xunta, dalgunha maneira, se responsabilice de que todos contribúan á mellora dos servizos sociais. Pensa que é xusto, porque é fácil falar aquí, pero a xente que cobraba 375 euros máis esa axuda, quedou sen ela, e a que propoñían tampouco llela dan.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que lle parece que iso é facer demagogia, porque ese tema está aclarado, e pensa que o presidente do PP, e presidente da Xunta, xa aclarou perfectamente que eses 200 euros non se van retirar. En segundo lugar, cre que a emenda que propón o BNG, porque non sabe se a fai o equipo de goberno ou se a fai só o BNG, recolle que se inste á Xunta de Galicia para que, á súa vez, inste ao Goberno do Estado, non di que se inste á Xunta de Galicia para que teña ningunha outra actividade.

Conclúe dicindo que eles non teñen ningún problema, porque comparten plenamente as emendas, porque van na liña que defende o PP, o único que di é que, como administración pública que é o concello, serían eles os que deberían instar directamente ao Goberno, aínda que tamén insten á Xunta, para que eles tamén insten ao Goberno.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo explica que na súa anterior intervención non falou do terceiro punto da moción do PP e, por tanto, enténdese que xa manifestou o seu acordo con el, e no cal xa vai haber un traslado directo ao presidente do Goberno, tamén ao presidente da Xunta, e aos voceiros dos grupos parlamentarios. Di que cre que iso non ten ningún problema, e insiste en que a posición do seu grupo é votar a prol da parte dispositiva da moción do PP, coa emenda feita polo BNG, porque a comparten, non así a parte expositiva, a explicación, porque en todo caso ese é o discurso do PP, e correspóndelle a ese grupo defendelo.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que se acepta.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o primeiro que lle gustaría é que esta moción, co tempo que se lle dedicou, tivera os seus efectos. Parécelle unha moción interesante, aínda que ao mellor un pouco vacía de contido, pero di iso con todos os respectos, porque lle parece moi interesante. Di que están falando de retirar puntos dos orzamentos xerais do Estado, puntos que igual supoñen 500 ou 5000 folios, e aquí de golpe eles queren retirar unha serie de cuestións. Aínda así, o seu grupo coincide e é consciente de que, nalgúns casos, medidas que se pretenden son contrarias aos intereses dos traballadores, e nese sentido o grupo político de IU no Parlamento de Madrid, presentou 534 emendas, moitas delas dirixidas a esas cuestións que matiza na moción o PP.

Continúa dicindo que oxalá teña sentido esta moción, e que chegue a Madrid, e que lles fagan caso, e por iso pide que no último punto, ademais de ao presidente do Goberno, ao presidente da Xunta, aos voceiros dos grupos parlamentarios no Parlamento de Galicia, e dado que están falando dos orzamentos xerais do Estado, engandan que se lles presente aos voceiros dos grupos parlamentarios do Estado.

Por outra parte, parécelles ben a emenda que fai o BNG, e nese sentido, non sabe o tempo que fai, o seu grupo presentou a este pleno unha moción sobre o financiamento dos concellos, aínda que cre que tampouco tivo moito efecto, que tamén se mandou a Madrid. Di que fai uns días, EU-IU de Cambre foi a Madrid a manifestarse diante do Ministerio de Facenda para que se destine máis diñeiro á administración autonómica e aos propios concellos, porque se o Goberno central non asigna máis diñeiro á administración autonómica e á local, van ir de lado. Nese sentido ve que se contempla na moción, e a propia FEGAMP tamén está insistindo niso.

Conclúe dicindo que o seu grupo está de acordo se se engaden os temas que mencionaron, e non queren facer matices na filosofía da presentación, pero están dispostos a votar a prol do fondo.

Sometido o asunto a votación ordinaria coas modificacións propostas polo BNG e por EU-IU, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar os seguintes acordos:

Primeiro: Instar ao Goberno á retirada inmediata da proxectada subida de impostos nos orzamentos xerais do Estado para 2010 por inxusta e antisocial, xa que recaerá sobre todo nas clases medias e nos traballadores.

Segundo: Instar á Xunta de Galicia que demande do Goberno do Estado impulsar unha reforma fiscal baseada nos principios de xustiza, equidade e progresividade, de maneira que recaia sobre todo nas rendas altas.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a que reclame do Goberno do Estado que atenda as peticións da FEMP, respaldadas pola FEGAMP, e acepte as modificacións propostas nos orzamentos xerais do Estado de 2010, para que eles garantan a suficiencia financeira dos gobernos locais en 2010 e para manter os servizos básicos que actualmente se lle prestan á cidadanía. En concreto, que se manteñan as partidas destinadas a entidades locais e poder destinar o 60% do novo Fondo de investimento local a políticas sociais.

Cuarto: Dar traslado destes acordos ao presidente do Goberno, ao presidente da Xunta e aos voceiros dos grupos parlamentarios no Parlamento do Estado e de Galicia.”

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre a creación dun medio informativo municipal

Rexistrada de entrada ao núm. 14588 o día 24 de outubro de 2009, xunto cos rogos e as preguntas. Consta do seguinte teor literal:

“Desde hai moitos anos ven sendo motivo de polémica nas sociedades democráticas a cuestión da relación entre o poder e os medios de comunicación, en definitiva sobre as fronteiras entre publicidade e comunicación.

O dereito á información e á liberdade de expresión, é un ben público recoñecido na Constitución, esta conquista social pode desenvolverse de diversas maneiras, unha delas

pode ser a través dos medios públicos do concello, e así o contempla o artigo 229 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sinalando que se *poderá utilizar a edición, cunha periodicidade mínima trimestral, dun boletín informativo da entidade.*

Responsables (en funcións) do anterior goberno municipal de Cambre decidiron realizar un concurso para adxudicar a edición e difusión dun periódico local para o Concello de Cambre, publicado no BOP núm. 124 do xoves 31 de maio de 2007. Os propios responsables do goberno do PSOE convocaron aos grupos da oposición para valorar o expediente e tratar o tema coa nova corporación; pero distintos puntos de vista e a decisión do propio goberno deberon ser os motivos suficientes para que a día de hoxe o noso concello non conte cun medio informativo municipal, existente xa noutras etapas das corporacións democráticas do noso concello.

Para o noso grupo a creación dun medio informativo parécenos unha boa idea, estamos convencidos de que Cambre debería contar cun xornal que trate os problemas do propio concello, como forma de fortalecer a democracia local, e a informativa en particular, establecendo espazos de participación abertos con completa liberdade de expresión, e un control democrático do medio de comunicación, en condicións de pluralidade e transparencia, e non sexa un disfraz propagandístico dos partidos gobernantes, desequilibrando profundamente o principio de igualdade de oportunidades que debería prevalecer.

Polo exposto o noso grupo municipal propón ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que no proxecto de Regulamento de participación cidadá que se está elaborando, contemple a creación dun medio informativo municipal de carácter periódico, que permita aproximar a administración local ao conxunto dos veciños/as, mellorando e ampliando a información da vida sociocultural e política do Concello de Cambre, dun xeito plural e participativo.

Segundo: Que tendo en conta a vocación de servizo público que deben ter os medios de comunicación municipais e a garantía dos dereitos de información e participación ao servizo dos valores universais que deben prevalecer, creárase unha comisión paritaria integrada por representantes dos cinco partidos políticos representados na corporación, co

fin de aprobar uns criterios mínimos a ter en conta na distribución de espazos e na elaboración e selección da información do medio.”

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que comparten a necesidade da existencia dun periódico municipal, e di que o grupo de EU-IU lles tería que ter falado anteriormente da posibilidade de iniciar un proxecto como este para deseñar un comité de redacción, un consello editorial ou como queira chamarse, onde estean representados todos os grupos políticos, obviamente, en función do seu peso político, porque, en principio, pensan que o primeiro valor universal que hai é a democracia, e cada grupo debe estar representado en función do apoio que ten do pobo, polo que unha comisión paritaria onde todos sexan iguais, o día que o pobo diga si, estarán de acordo, pero mentres non sexa así, pensan que as comisións deben ser representativas do que opinou o pobo nas urnas, por iso lles parecería estupendo un comité de redacción onde cada partido estea representado segundo o seu apoio, pero iso non é o que di o escrito de EU-IU e, en consecuencia, votan en contra.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o PSOE di que vota en contra, pero que lles poderían ter proposto o que acaban de dicir, e ao mellor, EU-IU tería aceptado a proposta, pero que o Sr. Salcines xa dixo que ían votar en contra, e el ten que interpretar que o partido socialista está en contra de crear un boletín informativo municipal, xa que eles fixeron unha proposta, pero cre que todo podería ser mellorable.

Di que eles falaban da representación por unha persoa de cada un dos grupos presentes no concello, e o din como criterio, para que haxa control do que é o periódico, e para que non ocorra o que pasou co anterior xornal que houbo no concello, precisamente por culpa destas cousas. Di que ás veces hai que facer unha interpretación clara do que é a democracia, e outra interpretación do que é dar participación, porque ao mellor incluso habería que dar participación ás distintas asociacións do concello na redacción deste periódico municipal, iso é verdadeira democracia, iso é a democracia do pobo, e por aí teñen que comezar.

Conclúe dicindo que, de todas maneiras, el non quere resolver o tema así dun golpe, como fixo o Sr. Salcines dicindo que van votar en contra, porque el quere que en Cambre haxa un periódico, e non sabe se o equipo de goberno quere.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que non poden tomar a decisión de elaborar un xornal así de golpe, e pídelle ao Sr. Taibo que retire a súa moción e

que na vindeira xunta de voceiros, para a cal quedan vinte días, poden levar este tema un pouco pensado, e poden facer unha proposta conxunta, onde cada un poida pensalo. Di que eles non poden agora, aquí sen máis, tomar a decisión.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que, de todas maneiras, a el gustaríalle que interviran os voceiros dos outros grupos para coñecer a súa posición.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo, aínda que está totalmente de acordo coa exposición de motivos, non o poden estar cos acordos en si, e iso por tres motivos. Di que, en primeiro lugar, porque a experiencia anterior foi un auténtico fracaso. En segundo lugar, porque aínda que agora mesmo o voceiro de EU-IU acaba de dicir que este xornal debería estar aberto ás asociacións, á cidadanía, que é algo co que o PP está totalmente de acordo, non aparece en ningún dos puntos que se someten a votación. E, en terceiro lugar, porque este concello, agora mesmo, conta cunha persoa de confianza que é un xornalista, conta cun contrato cunha empresa de comunicación que pon á súa disposición outro xornalista, e el pensa que este concello e este goberno xa ten suficiente propaganda como para que por riba cunha partida orzamentaria se lles facilite o acceso, para que sigan emitindo propaganda.

Conclúe dicindo que están totalmente de acordo co espírito, cren que é necesario que haxa medios de comunicación do concello, sobre todo porque hai moitas cousas que comunicar, pero non poden poñelo nas mans do equipo de goberno, porque están demostrando que a súa política comunicativa é de panfleto e de propaganda. Di que todo isto demostrouno o feito de que o anterior boletín terminara sendo un fiasco. E, finalmente, como xa dixo, eles estarían dispostos, pero sempre que o xornal fora aberto a todos os cidadáns, e esa comisión estivera integrada por un consello redactor representativo da cidadanía, e non só dos políticos, que aínda que o intentan, non sempre chegan a todos os cidadáns.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que ao mellor interpretan de distinto xeito os puntos, porque no segundo punto fala de aprobar uns criterios mínimos onde ten cabida formar un comité de dirección dese periódico. Por iso se fala de crear unha comisión paritaria, para aprobar uns criterios mínimos, e a partir de aí e onde teñen que desenvolver o resto, se vai ser participativo, se van participar asociacións, ou o que sexa, pero primeiro iso, establecer uns criterios mínimos. Di que está clarísimo, que lle poden dar as voltas que queiran, pero que o segundo punto está claro nese sentido.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que eles, cando analizan unha proposta e teñen que tomar unha posición, teñen que cingirse ao que está escrito, e por iso, pode dicir que o seu grupo comparte a exposición de motivos de EU-IU, porque non é a primeira vez que falan destes temas, é recorrente en moitas ocasións, en forma de moción, en forma de debates, en forma de rogos e preguntas, pero di que a cuestión é que o que lles propoñen decidir son dúas cuestións que para eles non encaixan coa exposición de motivos, nin co que se debe facer a nivel de medio de comunicación público municipal.

Sinala que, en primeiro lugar, se lles propón que vinculen a creación do medio ao Regulamento de participación cidadá, e iso non encaixa aí, outra cousa son as reflexións que estaban facendo agora de que tamén teña un espazo a cidadanía para expresarse, a través das súas asociacións, pero iso é unha cuestión totalmente distinta. Outro argumento que xa saíu é o da comisión paritaria, evidentemente terá que ser unha comisión representativa e proporcional ao que cada quen representa na corporación.

Di que eles teñen que tomar a súa decisión con base na proposta que hai, que se pode cambiar, e que o Sr. Salcines propuxo fai un momento deixalo e entre todos buscar un acordo que poidan traer a un vindeiro pleno para tirar para adiante coa creación do medio de comunicación, pero tal e como está formulada a moción non a poden apoiar, iso estando ao 100% de acordo coa exposición de motivos que se fai. Como xa dixo, eles teñen que tomar unha posición con base nunha proposición escrita que lles ven aquí, efectivamente poderían emendala, ou facer outra, pero cada quen tense que responsabilizar un pouco das súas propostas.

Conclúe dicindo que pensa que o máis adecuado, se no fondo están todos de acordo coa exposición de motivos, é deixala sobre a mesa, tratala, e se cadra poder sacar unha proposta conxunta entre todos, que lles sirva a todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que quere discrepar do dito polo voceiro do BNG respecto do primeiro punto. Ao seu criterio, el cre que o Regulamento de participación cidadá ten que contemplar os medios de información que vai haber, iso dentro do propio regulamento.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que na moción o que pon é: *“Que no proxecto de Regulamento de participación cidadá que se está elaborando, contemple a creación dun medio informativo municipal”*, e iso non encaixa, e que outra cousa e que o regulamento, se

está creado o medio, introduza mecanismos de participación nese medio, pero o Regulamento de participación cidadá non vai crear, el, un medio de comunicación municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que niso non se entenden, porque el pensa que si, que o propio regulamento pode ter un artigo no que se contemple que se creará un periódico do concello, máis ou menos. Para el o propio regulamento ten que contemplalo, e está convencido diso, se non non o tería posto.

En canto ao punto segundo, onde fala da comisión paritaria, respecto da cal todo o mundo parece estar en contra, el seguirá apostando por ese tipo de comisións, pero acepta que se poida limar o asunto, se é que realmente hai ilusión de que ese periódico saia adiante, e para iso tratar o tema en xunta de voceiros.

Conclúe dicindo que desexa que quede aquí a idea de que EU-IU de Cambre pretende a creación, e que se volva a sacar o voceiro municipal.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el non está absolutamente de acordo, para nada, con este tipo de medios de comunicación, visto o resultado de anteriores etapas nas que había un xornal que servía, única e exclusivamente, para lucimento dos políticos do Concello de Cambre, fundamentalmente do goberno. Parécelle un tema que non vai ter nin o máis mínimo interese para os veciños de Cambre e que, dende logo, van gastar diñeiro dos seus impostos para facer algo que a eles non lles vai beneficiar en nada. Di que o que lles beneficia aos veciños é que o diñeiro que gastan dos seus impostos sirva para darlles servizos, non para darlles a información que a cada grupo político lle interese, e fundamentalmente, a do goberno.

Conclúe dicindo que el cre que o medio de comunicación, que efectivamente igual era bo que houbera en Cambre, podería ser unha radio, unha radio pública de Cambre, onde os veciños tamén participasen, onde os veciños fosen á radio, onde fosen os políticos e os veciños puideran chamar para facer preguntas. Di que aí xa poderían participar un pouco máis os veciños, pero mandar a información escrita non vale para nada, por iso di que non está para nada de acordo en que se faga ese tipo de comunicación que é un xornal, si o estaría cunha radio na que puideran participar todos.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta, xa para rematar, porque di que lle parece que non hai ilusión por sacar un periódico, que el non sabe a diferenza que

pode ter un boletín informativo, unha emisora de radio ou de televisión, pero que a xente o que quere é información, e que esa información hai que tratala como tal, que non sexa información partidista, nin do grupo de goberno que estea en cada momento.

Di que o que lle estrañan son as críticas, sobre todo por parte do compañeiro Marante, que despois de case vinte anos neste concello, e moitos deles coa edición dun voceiro onde ese concelleiro saíu en multitude de ocasións, en fotos, e nunca dixo nada, agora non estea a prol da proposta. Di que iso non o entende, e que o que non sabe é cal pode ser a diferenza entre a radio e un medio escrito.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que é lamentable, e que non son case vinte anos, senón que son máis de vinte, e neses anos defendendo sempre o que a el lle parecía que había que defender. Di que el en absoluto defendeu nunca ese voceiro do que fala o Sr. Taibo. Precisamente está dicindo que non servía máis que para que saíran os políticos, fundamentalmente os do goberno, no que naquel momento recoñece que el estaba, e que, por tanto, saíría en fotos, pero que tamén saíría o Sr. Taibo, o que pasa que el ao mellor saíu máis porque fixo cousas, porque estaba no goberno e podía facer algunhas cousas. Agora, na oposición, o único que pode facer é traballar e predicar no deserto, pero cando estaba no goberno podía facer máis cousas e por iso saíría. Di que o que el está dicindo é que prefire unha radio, porque aí os veciños si poderán participar activamente, todos os días, no outro, o que xa dixo, a participación sería a do goberno.

O Sr. alcalde dá por concluído o debate e expón que pensa que o asunto se debe tratar na xunta de voceiros, e, como se dixo, aí tomar a decisión que mellor conveña a este tema. Así pois, somete a votación que se deixe sobre a mesa a moción para que sexa tratada pola xunta de voceiros.

Sometida a proposta do Sr. alcalde a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Deixar sobre a mesa a moción presentada por EU-IU sobre a creación dun medio informativo municipal, para que sexa tratada pola xunta de voceiros.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Moción conxunta dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG, EU-IU e PG ante a celebración o vindeiro 25 de novembro do Día internacional contra a violencia de xénero

A Sra. secretaria da corporación dá lectura á moción de referencia.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está totalmente de acordo coa moción, e unicamente piden que en vez de solicitar “á Xunta de Galiza”, se poña “á Xunta de Galicia”, porque é a denominación oficial.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que eles tamén queren engadir que, ademais de solicitar á Xunta de Galicia, que se diga ao Goberno do Estado, porque como ben di a moción son lacras mundiais, que non entenden de barreiras nin de fronteiras, nin de límites territoriais, aquí se fala do mundo enteiro, e por iso parécele que se debe dar extensión, polo menos, ao Goberno do Estado.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coas modificacións efectuadas polos voceiros do PP e de EU-IU, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os seis concelleiros presentes do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a moción presentada, tal e como aparece transcrita a continuación:

“O Concello de Cambre quere manifestar a súa máis enérxica repulsa á violencia machista. No que vai de ano xa son 46 as mulleres asasinadas en todo o Estado das cales 3 foron asasinadas en Galicia.

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara da desigualdade, un indicador de que queda moito traballo para erradicar a discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

A Lei integral parte da existencia dun modelo de relación entre homes e mulleres que, forxado desde un sistema patriarcal de interacción entre os sexos, debe ser cuestionado para dar paso a outro paradigma de identidade e de relación que se adecúe de xeito máis preciso ao noso sistema de convivencia democrática e veña a corresponderse en base aos dereitos humanos.

Os paradigmas que teñen que cuestionarse para facer visibles as dimensións da violencia contra as mulleres son aqueles que lexitiman a situación de desigualdade, a subordinación ou a inexistencia simbólica das mulleres (violencia cultural). Así, se terá que producir un cambio na mentalidade e nos supostos patriarcais que sustentan o mantemento desta violencia, o que esixe conquistar unha nova lóxica que presida os modelos de relación e valoración de identidades que veñan a terminar cos estereotipos sobre que é “ser home” e o que significa “ser muller”. Só así é posible entrar nunha lóxica común a ambos sexos que substitúa o actual predominio dunha lóxica androcéntrica.

Para iso, a necesaria sensibilización contra a violencia machista pasa non só por esixir unha decidida vontade política que permita acabar con esta tremenda realidade social, senón por xerar un estado de opinión que rexeite de forma aberta calquera tipo de agresión tanto física como psicolóxica contra a identidade das mulleres, e non só das mulleres do noso país, senón de todas as mulleres que en calquera parte do mundo están a sufrir explotación sexual, violencia económica, violacións de dereitos fundamentais, fundamentalismos baseados en sociedades patriarcais,

Por iso requírese unha maior coordinación de todos os poderes públicos e axentes sociais na erradicación da violencia machista, e nos sumamos aos esforzos por acadala.

Por todo isto, propoñémoslle ao pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro: Instamos á Xunta de Galicia a que realice unha política educativa e de sensibilización en igualdade mediante campañas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais e a formación formal no ámbito educativo.

Segundo: Instamos á Xunta de Galicia a que realice unha axeitada planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que están pendentes do seu desenvolvemento, en concreto a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e

a posta en marcha do centro de recuperación integral e garantir o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitario público tamén recollido na Lei.

Terceiro: Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e ao Goberno do Estado.”

7º Informes da Alcaldía

Non se utilizou este punto.

8º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 14632 o día 26 de outubro de 2009, xunto coas preguntas.

1º Solicitamos ao equipo de goberno nos informe da situación na que se atopan as obras do local socio-cultural do Graxal e do campo de fútbol de Lendoiro na Barcala, as cales levan tempo paralizadas e esiximos nos informe das datas previstas para a finalización das ditas obras.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que as obras do centro socio-cultural do Graxal, segundo a última noticia, está previsto que acaben na segunda quincena do mes de novembro.

Don Jaime Manuel López Lisnier manifesta que, respecto das obras do campo de fútbol de Lendorio, dispón dun informe dos técnicos segundo o cal o 17 de abril de 2009 asinou coa empresa “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.” o contrato para a execución da obra. Di que a enxeñeira técnica de obras públicas emitiu un informe que presentou no departamento de Secretaría e Contratación proponendo que se resolvese o contrato ante a petición da empresa de modificar o tipo de céspede contemplado no proxecto, substituíndoo por outro que a enxeñeira consideraba que non era similar ao do proxecto orixinal. O 21 de outubro de 2009 emitiu un informe a técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria e da interventora, no cal propoñía a resolución do contrato por mutuo acordo, por non apreciarse causa de resolución imputable ao contratista.

Continúa dicindo que lles facilitará copia do informe, e que neste momento se atopan á espera de que a empresa adxudicataria presente un escrito amosando a súa conformidade con que se resolva o contrato por mutuo acordo, e di que xa o teñen manifestado verbalmente. Tras iso ditarase de forma inmediata unha resolución do concelleiro de contratación, resolvendo o contrato, e ofrecerase a adxudicación aos restantes licitadores por orde das súas ofertas.

Di que toda a explicación está recollida no informe do cal lles fará chegar unha copia mañá, pero que o que ocorreu foi que a empresa adxudicataria quería cambiar o tipo de céspede, porque dicía que ese saía moi caro, que só llo poñía a empresa que o vendía, e que entón lles levaba un 67% do proxecto. Os da empresa adxudicataria estiveron varias veces no concello, incluso falando con el persoalmente, e, tanto el como os técnicos, lles dixeron que non, que o céspede tiña que ser o que ía no contrato, e por iso pasou ese período de tempo. Eses foron os trámites que se seguiron, que son os normais de tratar de rescindir o contrato e adxudicarllo ao seguinte. A empresa levou o escrito que se preparou en Secretaría para consultalo, e estaban de acordo en asinalo. Di que están esperando a que nestes días llelo envíen asinado para poder pechar ese trámite e pasar ao seguinte, que será a contratación co seguinte licitador.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta se na actualidade os nenos poden xogar ao fútbol nese campo, se o poden utilizar.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que si, que o campo está en perfectas condicións, porque é un campo de terra que se inaugurou fará un ano e medio, e que o que se ía facer era substituír a terra por herba artificial, pero que agora mesmo o están utilizando e están a xogar nel.

2º Despois das informacións aparecidas en prensa, de que o concello quere facerse cargo da explotación da central hidroeléctrica de Cecebre, esiximos ao equipo de goberno que presente o proxecto aos distintos partidos da oposición.

O Sr. alcalde contesta que o que fixo o concello, en tempo de alegacións, foi presentar unha alegación a unha concesión que fixo Augas de Galicia no ano 98, onde se lle tiña concedido o aproveitamento a unha señora particular. Dende o 98 pasaron tantos anos sen facer nada, que o concello o que pide agora é a declaración da caducidade da licenza e a negociación nova, dunha nova administración. Di que non piden que o negocie o concello, senón que

piden que a administración do concello poida estar interesada, igual que Emalcsa ou posiblemente agora o Consorcio, en ver porque se lle adxudicou a unha empresa.

Continúa dicindo que o 27 de agosto pediron á Consellería de Industria que lles enviaran unha copia do proxecto que tiñan, porque se trataba dun proxecto que fixo Augas de Galicia nese ano, e o día 27 deste mes enviáronlles a copia. O que piden dende o concello é saber por que se lle adxudica a unha empresa se poden os concellos de aquí participar nesa empresa, xa que coa produción que vai xerar a turbina que van montar no encoro de Cecebre, probablemente a iluminación pública que está consumindo Cambre, sairía gratis. Por iso, o que queren ver, e se o custo do proxecto é interesante para que o concello poida participar.

Conclúe dicindo que o proxecto teno o enxeñeiro municipal por se desexan velo.

3º Solicitamos ao equipo de goberno nos informe sobre as auditorías ás que se vai a someter a Axencia Local do Concello de Cambre, co fin de conseguir a cualificación ISO 9001-2008 e esiximos nos informe dos beneficios que achegará a obtención da dita cualificación para os veciños do noso municipio.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que os beneficios son múltiples, e que dende o concello intentan sempre buscar a excelencia no traballo, aínda que non o consigan en todo momento, pero que é unha meta á que nunca renuncian, e no tema de formación tampouco.

Di que o que buscan non só é facer ben as cousas, senón que, ademais, un axente externo, totalmente independente diga que o fan ben. Iso ten, ademais, outro efecto positivo que é que o propio goberno, neste caso o goberno autonómico da Xunta de Galicia, os animou a facelo. Nunha reunión que tiveron o 30 de xullo, en Santiago de Compostela, coa directora xeral de Formación e Colocación, comentáronllo, e ela aplaudiu a idea, e lembroulles que con esta iniciativa pasarían a estar na punteira dos municipios galegos nestes temas.

Continúa dicindo que, á parte do feito da propia autoestima e do orgullo de poder superar un control de calidade, o certo é que o goberno autonómico tamén o puntúa e cualifica á hora de dar subvencións, de tal modo que aquelas axencias que teñan este tipo de control de calidade externo, recibirán 5 puntos no baremo de subvencións. O beneficio que iso ten é que á parte de recibir un mellor servizo polos veciños que van a usar ese departamento, á parte diso, é previsible que tamén lles toque unha partida maior de diñeiro cando teña lugar un reparto de subvencións.

Conclúe dicindo que ten preparado unha documentación de varios folios onde explica isto con máis detalle.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo á parte de poder estar de acordo en que todas as administracións, igual que as empresas e os particulares, teñen que intentar loitar por establecer métodos de calidade, tamén teñen que advertir, e de aí a súa pregunta, que ter implantada unha certificación de calidade non significa ter un produto de calidade, simplemente significa que ten un proceso que garantiza que ese produto pode chegar a ser de calidade.

Dille ao Sr. Salcines que lle recomenda que lea o artigo, que se quere despois llo pasa, no que se fai unha breve explicación sobre todo, e que España é un dos países do mundo, por riba por exemplo de EEUU, con máis certificados de calidade implantados, e non obstante non é o país que máis vende. Teñen empresas moi boas, evidentemente, e iso o acredita, pero ese artigo fala sobre todo dese tema, de distinguir o que é unha certificación de calidade do que é un produto de calidade. O feito de que o concello poida ter beneficios en subvencións está moi ben, pero que a Axencia de Desenvolvemento Local vaia a desempeñar o seu traballo dunha mellor maneira por ter implantada a certificación ISO, non é así, require un mantemento, e non lles garantiza nada.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Antes de dar lectura aos rogos do seu grupo, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que lle gustaría que lle explicasen como é que cando o seu grupo viu recoller a documentación ao concello foilles entregada perfectamente, en orde e en tempo, pero ao día seguinte ou aos dous días, o PP presentou un escrito onde se pedía que se substituíse a documentación que tiñan presentado no seu tempo e forma, por outra documentación. El pide que se explique, porque se trata dunha nova modalidade que, entre outras cousas, pode sentar precedentes, porque que el saiba, o Regulamento de organización municipal non contempla nada diso. Di que quixera que se lle explicase cal foi o motivo do cambio.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, contesta que ese escrito o presentaron dentro do prazo para presentar rogos e preguntas, é dicir, que eles están no seu dereito de retirar un escrito anterior e substituílo por un novo, estaban dentro do prazo e non entende cal é o problema.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el estivo observando as dúas propostas, rogos e preguntas, que tiña presentado o PP, e viu unha diferenza nunha liña nun rogo, pero o que tamén notou foi que retiraron unha pregunta e puxeron no seu lugar unha pregunta que presentou EU-IU ás comisións informativas do pasado martes. Por iso o di, porque lle choca que, mentres que o PP non presentou ningún tipo de rogo ou pregunta ás comisións informativas, EU-IU si presentou varias preguntas e rogos, e unha delas era relacionada precisamente co tema que o PP cambiou e meteu para o pleno do hoxe. Di que non o entende, e que non vai dicir que se anden copiando as iniciativas, pero que lle chocou bastante que se teña eliminada unha pregunta e se cambie por un rogo que tiña presentado EU-IU con anterioridade, por iso o dixo, nada máis que por iso.

Don Felipe Andreu Barallobre di que o lamenta profundamente, que foi unha coincidencia, e de feito xa teñen ocorrido máis coincidencias cando EU-IU propuxo algunha medida que o PP xa tiña proposto tamén. Di que ese tipo de cousas pasan, pero que, en todo caso, quere explicarlle que o PP modificou o seu rogo a petición expresa dun veciño que pediu que o incluían para o pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, de todas maneiras, gustaríalle que lle dixesen, cando eles estimen oportuno, cando EU-IU despois de ver a documentación dun grupo político, repetiu un rogo ou unha pregunta. Di que nunca.

O Sr. alcalde pídelo ao voceiro de EU-IU que pase a ler os rogos presentados.

Rexistrados de entrada ao núm. 14588 o día 24 de outubro de 2009, xunto coa moción e as preguntas.

1º No pleno ordinario do pasado agosto o noso grupo realizaba un rogo sobre a dispoñibilidade horaria e laboral no concello dos membros do novo goberno, en función da súa dedicación, solicitando se fixeran públicos os horarios dos concelleiros/as con dedicación parcial e se facilitara aos grupos da oposición os números de teléfono móbil das persoas con responsabilidade de goberno.

Transcorridos dous meses seguimos sen coñecer a situación existente ao non ter constancia sobre o tema, a pesar do compromiso do alcalde en facilitar a información, abandonando así a práctica democrática de compartir a realidade da situación do goberno, co conxunto da corporación.

Ante isto o noso grupo prega se nos informe do estado actual do grupo de goberno e se faga pública a información anteriormente citada.

O Sr. alcalde pide desculpas e di que foi un lapso, e que probablemente mañá se lles fará chegar por escrito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que a eles por escrito, pero que aquí están nun pleno, un pleno que é público, onde hai xente do concello que quere saber cal é a situación do goberno. Por iso pregunta se llo poden explicar, porque eles non o saben e imaxina que a xente tampouco sabe cal é a situación agora mesmo do goberno do concello.

O Sr. alcalde contesta que o goberno está formado por sete concelleiros do PSdeG-PSOE e catro do BNG, outra cousa son os teléfonos, que algúns compañeiros aínda teñen pendentes. Respecto dos horarios son os que veñen cumprindo dende sempre, polas mañás ou polas tardes, segundo a demanda que haxa, e os compañeiros que teñen media dedicación normalmente están facendo, non media dedicación, están entrando polas mañás e están atendendo cousas polas tardes.

Di que é moi difícil dicir que entran ás 10:00 e se van as 14:00 porque hai compañeiros, que leven a dedicación que leven, ás veces ás 17:00 ou 18:00 horas están traballando, depende un pouco dos compromisos que teñan, e por iso é un pouco difícil poñer o horario. Outra cousa que estiveron barallando foi poñer o de atención ao público, pero iso tamén é bastante difícil pois se fixan dous días á semana e, ao mellor, un día hai que saír a algunha xestión. Por iso o que normalmente están facendo é recibir á xente nun período entre 8 e 10 días, pode haber algún erro, pero normalmente están recibindo á xente, e el, polo menos, intenta facelo dous días á semana.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el o di porque é un representante dos veciños de Cambre e ás veces tamén lle preguntan en que situación están algúns membros do goberno municipal de Cambre, e el ten que dicir que non o sabe. Di que hai algún concelleiro que ten que demostrar a compatibilidade co seu traballo, como así figura nunha resolución, e o seu grupo non sabe se ten esa compatibilidade, e dese xeito non poden transmitirlo aos veciños de Cambre, non saben cal é a situación dese concelleiro, nin cal é o seu horario, nin onde atende ou deixa de atender. Di que eles queren dar unha información máis ou menos precisa, e que por iso preguntan.

O Sr. alcalde pregunta se se refire ao concelleiro don Francisco Javier Varela.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que a situación de Javier Varela está perfectamente clara, que el estase referindo á xente que está gobernando, e que el saiba Javier Varela non ten ningún cargo no goberno.

Don Jaime Manuel López Lisnier sinala que el tamén se pode sentir aludido, pero que as súas compatibilidades están en Secretaría, concedidas pola Xunta de Galicia.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que el sabe que a compatibilidade do Sr. López Lisnier e do Sr. Salcines están claras, pero en cambio a compatibilidade do Sr. Antón Otero, do BNG, que ten media dedicación non o sabe. Di que non saben na situación na que está, non o saben porque ningún lles informou, pediron información fai dous meses e non se lles deu, e tiveron que volver repetilo, porque non o saben, e imaxina que o pobo sabe menos.

O Sr. alcalde contesta que se se refire a Antón Otero, está aprobada, e dille que pode ir a Persoal a miralo, porque que el saiba a compatibilidade está aprobada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que a el parécelle moi ben o da transparencia, o da información, parécelle ben, pero que a preocupación do Sr. Taibo non debe ser tan grande cando estivo esperando os dous meses que citou para preguntalo. Di que o compañeiro Antón Otero está con dedicación parcial, tal e como aprobou o pleno, tal cal aceptou el, e unha vez solucionada a concesión da compatibilidade pola administración para a que traballa, tena acollida formalmente. Se non fose así sería imposible, porque os servizos de Persoal, os servizos xurídicos municipais non ían aceptalo. Di que todo iso está en regra e pregunta ao Sr. Taibo se ten algunha pregunta concreta máis.

Respecto do resto di que se remite ao ofrecemento que fixo o Sr. alcalde e que, en todo caso, comparte tamén esa desculpa que pediu porque, efectivamente, ese tema o trataron no pleno do mes pasado, quedaron todos un pouco encargados de pasar a información, e mañá, sen tardar máis, vai ter toda a información precisa.

Conclúe dicindo que, de todas maneiras, tamén lle quere dicir ao Sr. Taibo que é posible que teña dúbidas, pero que moitos veciños, asociacións, e moita xente coa que están tendo relación a diario no seu traballo, dende logo non teñen dúbida ningunha, porque os atopan sempre que os necesitan, e en calquera hora do día, da mañá ou da tarde.

Don Luis Miguel Taibo Casás agradece a información e di que imaxinaba que era así, pero que el ten o dereito de preguntar e eles a obriga de responder, como mínimo. El ten entendido que Antón Otero Domínguez ten media dedicación, e que entende que será pola tarde, porque pola mañá traballa 7 ou 8 horas, a súa xornada no seu traballo, e pola tarde traballa catro horas no concello, cunha dedicación de 24.462 euros, iso por catro horas de traballo.

Continúa dicindo que ese é o tema, que Antón Otero Domínguez fai a súa xornada, no seu traballo, habitualmente, de 8 horas, e neste concello ven a facer 4 horas. E engade que o concelleiro do BNG votou a prol dunha moción que presentou EU-IU neste concello en contra das 65 horas que se querían establecer en Europa, así que el agora non entende como se poden traballar doce horas, sobre todo nos momentos que están pasando, e non ten máis explicación que dicir que para el é un pluriempregado da administración pública, e parécelle que cobrar 24.462 euros é moito, porque na anterior lexislatura na que tiña unha dedicación exclusiva por asesor do grupo de goberno, o cal di que lle parece ben, que tivera a súa dedicación exclusiva, pero que era bastante menos que os 24.000 euros, non lembra exactamente cantos, pero cre que eran uns 18.000 euros por 8 horas de xornada, e agora por 4 horas son 24.000.

Conclúe dicindo que en calquera caso non lle parece ben, e di que así o ten que manifestar, xa o criticou cando foi o tema dos orzamentos, e agora volve dicilo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo dille ao Sr. Taibo que el foi o que veu dicir, a sementar dúbidas, e a volver a discutir un tema que é recorrente e que parece que lle preocupa moitísimo. Dille que xa o dixo, que supón que xa quedou contento, e que tamén supón que dentro dun mes volverá insistir no mesmo tema.

Continúa dicindo que é todo perfectamente legal, todo perfectamente lexítimo, e o Sr. Taibo debe ser a única persoa que dubida da capacidade do compañeiro Antón Otero para traballar o que está traballando, porque ninguén máis o dubida neste concello, ninguén máis.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el non puxo aquí en dúbida o traballo de ninguén. Di que el está cumprindo coa súa obrigación de concelleiro, e de informar ao pobo. Pregúntalle ao Sr. Iglesias se ten dúas varas de medir, que cando está na oposición di unha cousa, e no goberno di outra. Quere recordarlle unha publicación do BNG de Cambre

criticando o que cobraban o alcalde e os concelleiros, criticando as dedicacións exclusivas, iso na oposición. Pregúntalle que pasa agora, e pídelles que lle permita a el facer, como mínimo, o que o Sr. Iglesias facía antes. Pídelles que sexa respectuoso, porque el ven aquí a preguntar e informar, e aí está o que o Sr. Iglesias dicía do que cobraba o alcalde e o que recomendaba que debía cobrar, e lémbrale o que dicía das comisións informativas e dos plenos, o que debían cobrar.

2º No presente mes o goberno municipal anunciaba nunha edición especial dun medio de comunicación, as actuacións que se están desenvolvendo nas obras do FEIL, e nos programas contemplados no proxecto Arume.

Dentro do programa de dinamización deste último, contéplase a construción dunha pista de skate, demandada polo noso grupo ao principio da lexislatura mediante a presentación dunha moción aprobada por unanimidade. Consideramos unha falta de respecto e un incumprimento dos acordos por parte do goberno, ao non ter informado aos grupos da oposición coa dilixencia que corresponde nestes casos sobre as actuacións que se pretenden, en función dos acordos da mencionada iniciativa.

O noso grupo prega se nos informe do mencionado proxecto e do lugar da súa colocación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que habería que puntualizar iso de que foi aprobado por unanimidade, porque ten noticia de que quedou sobre a mesa determinado tema, pero que, en todo caso, supón que é algo que concita o acordo de todo o mundo. Supón que están de acordo todos en botar esa instalación para adiante, supón que manteñen ese acordo, o que lles parece unha osadía é facer esa cualificación sobre faltas de respecto e incumprimento de acordos, porque xa fan a pregunta e xa fan a valoración de cales son as intencións. Di que supón que terá que ver con cousas que xa se dixeron antes.

Continúa dicindo que están traballando no asunto da pista de skate, que teñen xa a dotación orzamentaria e que o Sr. Taibo xa o sabe porque figura nos orzamentos do 2008, é un dos proxectos do Programa Arume, pero di que para montalo se necesita un espazo físico que reúna determinados requisitos: a titularidade municipal, iso é fundamental; a cualificación urbanística adecuada para que se poida facer esa actividade, esa instalación, nese solo; e a viabilidade técnica ademais da urbanística.

Di que mal podían informar a ningún grupo, nin a ninguén de que ían facelo en determinado sitio, mentres esa decisión non estea tomada. Están esperando a ter os

informes dos técnicos municipais a este respecto, cren que vai ser de maneira inmediata, e no momento en que poidan dicir que nunha parcela, nun terreo de propiedade municipal, van facer a pista de skate, os grupos municipais van estar informados antes de que se tome a decisión da contratación. Se ata este momento non se fixo foi porque non había nada que dicir e estaban buscando o sitio onde se puidera facer, para poder comunicar algo que sexa de verdade e que non sexan só intencións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, agradece a explicación e manifesta que el o dixo porque na prensa viña que para o ano 2010 en Cambre ían contar cunhas instalacións, cunha pista de skate, por iso o pregunta, e pregunta porque non se lles informa aos grupos da oposición. Di que cando se aprobou a moción, o segundo punto dicía que das actuacións que se derivasen da dita moción, a Alcaldía, ou no seu caso o responsable da área, informaría puntualmente á comisión informativa municipal correspondente para o seu estudo, e incluso ás asociacións xuvenís que tiñan demandado esa instalación. Ese foi un dos puntos da moción no que estiveron de acordo, e agora leron na prensa que Cambre, para o 2010, vai ter unha pista de skate.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que as asociacións xuvenís están informadas de como están os trámites e que, en todo caso, os grupos municipais insiste, e di que non sabe se o vai ter que poñer por escrito con letras grandes, en que serán informados, puntual e precisamente no momento en que haxa un sitio decidido ou posible para poder facela, mentres tanto se queren o que poden facer é facerlles perder o tempo a todo o mundo. Di que cre que non se trata diso, que a súa función como executivo, como goberno municipal, é localizar o sitio que sexa viable, e nese momento serán informados. En canto ás asociacións xuvenís xa están sendo informadas de todos os trámites que se están facendo, xa que está habendo reunións periódicas con elas para moitos temas, e entre eles para informalos destas cousas que lles atinxen directamente.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, entre outras cousas, é a súa obriga facelo, nin máis nin menos.

3º Recentemente saía publicado nun medio informativo un especial de 24 páxinas sobre Cambre, tratándose ao noso xuízo dun boletín que conta verdades a medias e omisións malintencionadas, facendo un uso partidista dos medios de comunicación e redendo culto ás persoas que forman parte do actual goberno, o que para o noso grupo e para moitos/as veciños que así nolo teñen manifestado é un medio máis de propaganda e autobombo.

Ante isto o noso grupo fai o seguinte rogo:

- Se a mencionada publicación onde aparece o escudo municipal, se financiou con diñeiro das arcas municipais.
- Se nos informe con toda a claridade cal foi o número de exemplares que se editaron, o sistema de distribución empregado e o custo total da publicación.
- De confirmarse o anterior, a que partida orzamentaria corresponden os fondos.

O Sr. alcalde contesta que non custou nada ás arcas municipais, non sabe o número de exemplares da tiraxe, pero que fondos, ningún, xa que non pertence a unha partida do concello. Non hai ningún gasto para as arcas municipais.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que xa lle contestou ao principio, que lle dixo que non custou nada ao Concello de Cambre, entón pregunta quen pagou iso. Pregunta se non se sabe.

O Sr. alcalde di que haberá que preguntar aos do Metropolitano, porque ao concello non lle custou nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, entón, que cada un saque as conclusións que queira, que saíu nun medio de comunicación con 24 páxinas e que non lle custou nada ao concello, que cada un pense o que queira.

O Sr. alcalde di que un pode pensar o que queira.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14632 o día 26 de outubro de 2009, xunto cos rogos.

1ª Os veciños de Cambre queren saber cal é a composición do equipo de goberno, despois de que dous concelleiros teñan presentado a renuncia dos seus cargos. Cal é a actual composición do equipo de goberno? Que horario de atención aos veciños van ter?

O Sr. alcalde contesta que do horario xa faláron fai un anaco, e respecto da composición o único dicir que o concelleiro Javier Varela neste momento non ten unha dedicación, e a compañeira Beatriz tampouco, e que son competencias que asume a Alcaldía e segue funcionando como ata agora todo, iso é o que hai.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, di, respecto do horario, que dende que se formou o goberno supón que os concelleiros que entraron novos saberán xa o horario, porque xa levan meses. Pregunta se non teñen xa un horario.

O Sr. alcalde responde que xa dixo antes que os concelleiros que teñen dedicación están as horas necesarias, ao mellor faltan horas ou sobran horas, pero están intentando atender á xente e atender aos problemas que ten o concello. Os compañeiros que teñen media dedicación, loxicamente están prestando servizos pola mañá e polas tardes moitas veces, moitísimas veces, polo tanto o horario está completo, como mínimo están as catro horas pola mañá e outras tres ou catro polas tardes. O horario que eles poñan ao público agora, ese é outro tema, vaíse poñer, pero en principio as horas cúmprense con creces.

Dona M^a Jesús González Roel di que ela lle rogaría que, igual que lle van dar a Luis Taibo os teléfonos, a eles tamén llelos dean, así como horario no que os veciños se poden poñer en contacto, porque os veciños si que siguen preguntando, porque non saben como está este goberno.

2^a Cal foi o acordo acadado co Arcebispado de Santiago para a cesión duns terreos en Pravio? Que proxecto ten o goberno local para eses terreos?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que teñen un acordo verbal co Arcebispado que está só a expensas de que sexa refrendado polo concello. Di que o traerán a pleno no momento en que teñan pechado o custo económico, que require un informe de Intervención.

Continúa dicindo que o acordo consiste en restaurar o que é toda a área da antiga casa reitoral de Pravio, a cal unha parte xa pertence ao propio concello, creando unha zona de xogos para os nenos no interior, un centro social no que son as cortes, e todo iso o obxectivo é facelo a través dunha escola-taller. Di que, en principio, a Igrexa está de acordo co proxecto, e só lles piden un convenio, pero iso require unha partida económica que agardan poder ter no prazo dun mes.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, di que a declaración en prensa non é exactamente igual á versión de agora, senón que se daba como algo pechado e que se ía facer a través dunha escola-taller. Pensa que hai dous problemas, cre que os veciños de Pravio dende fai moito tempo veñen reclamando que se consiga a casa do cura, iso é unha

herdanza dun señor que deixou parte para o concello, outra parte para o pobo que é onde está a asociación de veciños, e outra parte para a Igrexa que é onde está a casa do cura, e o que eles reclamaban era esa casa, e agora o que se conseguiu foi a horta de atrás, e cre que os galpóns. Di que iso é o que entendeu o outro día coa pregunta que fixo don Luis Miguel Taibo, e que lamenta moito que llela teñan repetido.

Continúa dicindo que o segundo tema é o da escola-taller, a escola-taller el non sabe se é responsabilidade do Concello de Cambre que iso se faga a través dunha escola-taller, e se se pode dicir así tan abertamente que iso se fará así. Non sabe se hai un proxecto de escola-taller, ou se se ten presentado.

Don José Venancio Salcines Cristal responde que el está en contacto permanente cos veciños de Pravio, non sabe se máis, pero polo menos igual que o concelleiro do PP. Di que coñece de modo perfecto, ou cre coñecer, o sentir de moitos veciños de Pravio, non de todos, obviamente, pero si de moitos, e cre que van no camiño adecuado e que ademais eles o ven dese modo.

Continúa dicindo que a escola-taller é unha demanda que formularán. En canto ao que di a prensa, é unha nota de prensa que foi enviada estando el fóra de España, el non a enviou, e non lle pode dicir o que din os medios, porque se ás veces se fixase no que din os medios tamén el se quedaría espantado. Neste caso non é ese o asunto, e o certo é que teñen o proxecto que acaba de explicar, e esa é a opinión que ten o goberno ante o tema.

Don Felipe Andreu Barallobre di que, simplemente por apuntar, non sabía que o concelleiro de Economía deste concello tiña o don da ubicuidade, porque se non estaba aquí, non entende como unhas palabras súas saíron nun xornal, e ademais unha foto súa.

3ª As luces dos centros municipais da Casa das Palmeiras, o colexio O Graxal e o local socio-cultural do Temple, permanecen acendidas durante toda a noite. Cal é o motivo? Quen é o responsable?

Don Henrique Xabier Iglesias agradece esta pregunta e di que nada máis recibila deron instrucións verbais, e puxéronse en contacto coa empresa de limpeza dos locais municipais, para darlle o aviso de que é o que ten que facer, por se nalgún dos centros o están facendo mal, e ademais se lles mandou tamén, formalmente por escrito, requirimento para que cumpra cun dos requisitos que teñen no prego de contratación, que é precisamente, deixar apagadas as luces de todos os sitios.

Continúa dicindo que con respecto a dous dos centros que comenta o PP, que son o colexio do Graxal e o centro socio-cultural, o que si lles informaron da empresa verbalmente, supón que contestarán tamén por escrito ao requirimento que lles fan, é que eles non son ás veces os últimos en abandonar as instalacións, porque están en obras, tanto no centro socio-cultural como no colexio, pola empresa que está facendo a ampliación, e por iso tamén se dirixiron a estas empresas para que atendan o tema.

Conclúe dicindo que, a maiores, falaron coa Policía municipal para que polo menos durante uns días, unha pequena tempada, meta na rutina de traballo de visitas o control dos acendidos dos centros municipais.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 14588 o día 24 de outubro de 2009, xunto coa moción e os rogos.

1ª Cando se construíu o encoro de Cecebre, expropiáronse terreos no noso termo municipal para a construción do encoro. O noso grupo municipal xa ten preguntado ao goberno do concello se por parte de Emalcsa se percibía algunha compensación económica en concepto de imposto. Ante a resposta negativa do goberno, presentamos outra iniciativa instando ao goberno local, que por medio dos servizos xurídicos e demais medios que considerase oportunos, valorase a posibilidade de reclamar a quen corresponda (neste caso ao Concello da Coruña) se realizasen os trámites oportunos para o pago do IBI correspondente ás propiedades expropiadas.

A pesar da nosa reiteración sobre o tema, a día de hoxe encontrámonos coa máis absoluta indiferenza por parte do goberno, co posible prexuízo económico para o concello.

- Que xestións teñen realizado dende o goberno en relación co problema?
- Canto diñeiro está deixando de recadar o concello en concepto de IBI nas instalacións do encoro de Cecebre?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que ao Concello da Coruña danlle o mesmo trato que a calquera outro usuario ou propietario dun ben en Cambre, exactamente o mesmo, se non paga, fan o mesmo que con calquera veciño. Di que é certo que o Concello da Coruña non quere pagar e teñen pendentes de pago recibos dende o ano 2002, pero

tampouco teñen as cifras que ten o Concello de Abegondo, nin é tan importante para as arcas de Cambre como é para Abegondo, que supón que é a cuestión que o Sr. Taibo ten en mente, dadas as declaracións que houbo na prensa.

Continúa dicindo que no ano 2002 a Cambre deberíalle un importe de 2.394 euros, e no ano 2009 un importe de 2.994 euros. A suma total dos sete anos ascende a 33.000 euros. Di que obviamente é unha cantidade importante, e deben insistir nela, porque ninguén ten dereito a estar aquí e non pagar o recibo do IBI. Agora ben, o Concello de Cambre non está personado como causa neste tema sinxelamente porque quen ten a xestión do IBI é a Deputación, e a Deputación actúa seguindo o seu procedemento. Cando a Deputación termine, analizarán todo o proceso e verán se o Concello de Cambre ten que actuar pola súa conta, en principio están deixando que sexa a Deputación quen faga todos os trámites de cobro ante o Concello da Coruña.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que se Cambre non reclama o IBI ao Concello da Coruña, a eles parécelles unha postura insolidaria, por unha parte cos veciños de Cambre, aos que lles están esixindo o pago dunha contribución, e incluso insolidaria con moitos concellos que si o están reclamando. Di que hai concellos que están reclamando este tipo de impostos e que o Sr. Salcines o sabe perfectamente, o outro día o dixo nos medios de comunicación, no caso das autoestradas, hai moitos concellos neste país que levan tempo reclamando este tipo de impostos.

Por iso di que non lle parece unha postura correcta, que lle parece insolidaria, cre que debería ir á par, e non dicir a ver se van eles, se gañan as sentenzas, e logo Cambre cobrará, di que, claro, pero cobrarán de últimos, evidentemente. O Concello de Cambre debería de reclamar como é debido este tipo de impostos. El non sabe, o Sr. concelleiro de Economía si o saberá, se paralelamente á xestión que faga a Deputación o concello pode xestionar isto, e se non pode, que llo diga a interventora.

A Sra. interventora responde que, por agora, o Concello da Coruña como fixo no caso de Abegondo, recorre sistematicamente as liquidacións que se lle practican polo concepto de IBI polo encoro de Cecebre. A Deputación da Coruña desestimou ese recurso interposto contra as liquidacións, e que fala da Deputación porque o concello ten delegada a recadación en Deputación. Agora, polo que lle teñen dito en Deputación, supoñen que o Concello da Coruña o terá levado ao contencioso, pero non llo puideron asegurar.

Continúa dicindo que pediron copia á Deputación, tanto dos recursos que ten presentado o Concello da Coruña, como da desestimación da Deputación, para ver que poden facer, por onde poden tirar, pero que se trata dun tema que eles están xestionando, porque Cambre ten delegada a recadación en Deputación.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que claro que teñen delegada a recadación en Deputación, pero que é un tema no que deberían estar encima del, tanto no do encoro de Cecebre como no de autoestradas, porque se antes se dixo que o concello está perdendo de recadar uns 33.000 euros, é unha cifra bastante máis considerable que os 300 euros que van a recadar polo imposto dos caixeiros.

2ª Recentemente foi inaugurado un centro comercial no Concello de Oleiros nos límites coa rúa Otero Pedraio do noso concello. Veciños/as da zona manifestaron ao noso grupo os problemas derivados do aumento da circulación e escaseza de aparcadoiros nas proximidades do mencionado centro.

O noso grupo pregunta:

- Que medidas ten tomado o goberno en relación co problema?
- Ten coñecemento o goberno dos postos de traballo creados para persoas do noso concello?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que respecto do tema do tráfico pedirán un informe á Policía local, e faránlle chegar. En canto ao tema dos postos de traballo non teñen constancia de que ese centro teña creado emprego, polo menos non a través da bolsa municipal de emprego.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o tema do tráfico é evidente, se pasan por alí é evidente que todo o mundo aparca como lle cadra. Ademais, un centro comercial que está no límite cunha rúa do Concello de Cambre inflúe en moitas cousas, inflúe no lixo, aumenta a carga de lixo que soporta o concello, aumenta a circulación, aumentan moitas cousas. El dixo o dos postos de traballo porque se trata dun centro que está practicamente neste concello, e así podería ter sido xa que se trata dunha parcela que antigamente, segundo ten entendido, pertencía ao Concello de Cambre. Di que a el o que lle fastidia, cos prexuízos que lles pode ocasionar, leves nalgúns casos, e que o alcalde de Oleiros saia na prensa dicindo que o 70% dos empregados dese centro Eroski no Graxal, son de Oleiros, e el, que vive en Cambre, e a xente que vive alí pegada, pregunta polo tema. Di que dende o

concello, non sabe en que medida se pode presionar nesas cousas para que, dalgunha maneira se empregue xente do Concello de Cambre.

3ª A casa denominada *Villa Concepción* no Seixal, ten valor importante dentro do patrimonio mobiliario do concello, dado o seu estado de abandono, deterioración e degradación, o noso grupo valora o potencial de posibilidades deste espazo que podería ser un revulsivo para o servizo dos distintos colectivos sociais e dos propios veciños/as, para a realización de distintas actividades.

Ante isto o noso grupo fai a seguinte pregunta:

- Ten o concello algún proxecto definido para a utilización do inmovible?
- Que medidas de prevención para evitar a súa deterioración ten realizado o goberno local?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que deterioración e degradación, pode ser, pero que abandono, non, non está abandonada, e ten protección ata cunha alarma, para evitar que entren alí. Di que non hai usos definidos para o futuro, iso respecto da primeira parte da súa pregunta, e respecto da segunda o que están a facer, di que hoxe mesmo tiveron unha reunión no propio edificio, unha reunión que estaba xa programada dende fai tempo, co arquitecto municipal e cos técnicos da promotora. Están iniciando, elaborando un proxecto que o que vai a contemplar é a envolvente do edificio para solucionar precisamente os problemas de deterioración e degradación que poidan sufrir dentro, e que despois poida facer que sexa irrecuperable ou que sexa moitísimo máis caro cando por fin estean definidos os usos.

En concreto, o que se vai facer é unha reparación integral de toda a cuberta, a eliminación das hedras da fachada, e repasar a carpintería exterior para que as inclemencias do tempo non poidan influír negativamente no interior. Trátase da unidade de execución urbanística número 7, e dentro dese convenio, no proxecto de equidistribución a empresa promotora ten contemplada unha obrigaçión de achegar 177.120 euros, precisamente para labores de conservación e rehabilitación do edificio, ese é o traballo que están facendo, coas liñas de actuación que comentou, porque ademais teñen que ter finalizado ese traballo, o diñeiro gastado nese proxecto, que o concello ten que aprobar, aínda que o elaboren eles, antes de que se dea de alta toda a obra urbanizadora, e as licenzas de primeira ocupación do edificio. É un proxecto que ademais de aprobar o concello terá que contar coa autorización e visto e prace da Dirección de Patrimonio.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que se alegra de que coincida a pregunta co proxecto de reparación, porque cando tivo a oportunidade de visitar esa casa, en varios sitios, en varias dependencias, estaba chovendo, e parécelle unha mágoa que se deteriore un edificio que se pode utilizar para moitas cousas.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que a primeira pregunta que quere facer é do pasado pleno, no que non estaba presente o concelleiro para contestar. A pregunta era a seguinte:

Despois de que no pasado pleno o Sr. concelleiro de Economía e Facenda, cifrara en 1000 euros o custo de cada pregunta feita polo Partido Galeguista nos plenos celebrados nesta lexislatura, e vistas as propostas que trae o equipo de goberno aos distintos plenos, por exemplo a este. Formulo a seguinte pregunta: En canto cifra o Sr. concelleiro cada proposta que presenta o goberno municipal a pleno?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o Sr. Marante ten un discurso moi sinxelo, que aquí están todos cobrando soldos enormes e que non fan nada. Di que non facer nada é algo subxectivo, obviamente, uns pensarán que traballan máis e outros que traballan menos, pero o do soldo é unha cuestión que está aí.

Di que o Sr. Marante dentro do que cobra como concelleiro, máis o que cobra como grupo municipal do PG, se o dividen polo número de preguntas, sae a 1000 euros. Cando lle dixo iso, fai algúns meses, levaba cobrado cerca de 20.000 euros, e tiña feito 20 preguntas, é así de sinxelo.

Don Manuel Marante Gómez dille que grazas pola resposta. Di que, segundo o Sr. Salcines, fixo 20 preguntas no que vai de lexislatura, cobrou 20.000 euros a razón de 200 euros, aproximadamente, ao mes, por asistir a órganos colexidados, plenos, etc., e que así aos veciños de Cambre lle saen a 1000 euros cada pregunta que fai. O Sr. Salcines que naquel pleno traía unha proposta, ou neste que traen tres parvadas, máis unha un pouco máis sería, porque o público presente ben viu o que se debateu aquí, o contido que trouxo o grupo de goberno a este pleno, e, por iso, si que cobran uns bos soldos. O Sr. Salcines sabe que o PG, efectivamente, ten unha asignación por partido, e por concelleiro, e di que el é so. O grupo de goberno ten a mesma asignación por partido, e por cada concelleiro a mesma que el ten. Pídelle ao Sr. Salcines que non o negue, que iso está así recollido na acta do pleno pasado,

e se quere pode lerlla, por ano cada partido político 2000 euros, e por cada concelleiro 1000 euros máis, e o PSOE ten sete concelleiros.

Continúa dicindo que o PSOE cobrou 30.000 euros o ano pasado e o anterior, e que agora os baixaron, o mesmo que o PP, en función dos concelleiros, así baixando ata o que cobraba el que eran 5.000 euros. Pregunta entón canto custan as propostas que traen o equipo de goberno, porque el cústalle aos veciños de Cambre, por asistencias, ata agora que subiron as asignacións porque lles interesaba, sobre 200 euros/mes. Pregunta canto cobraban eles no goberno, e a canto lle saen as propostas aos veciños. Di que iso eles saberán, porque ademais teñen outros gastos dos que logo falarán.

Conclúe dicindo que cando o Sr. Salcines fala de que custa 1000 euros, que o diga con coñecemento de causa, pero que pense o que lle custa el aos veciños de Cambre, porque el non cre que lle custen a eses veciños 1000 euros as preguntas do PG, pero si sabe os millóns de euros que lle custa o goberno municipal aos veciños.

A continuación pasa a dar lectura ás preguntas rexistradas de entrada ao núm. 14661 o día 26 de outubro de 2009.

1ª Que xestión de interese para os veciños de Cambre realizou o Sr. Salcines o día 13 de xuño cun tal Javier Losada?

Don José Venancio Salcines di que cre que poñía “J”.

Don Manuel Marante Gómez di que el aínda sabe ler e que pon Javier.

Don José Venancio Salcines di que vai contestar ás tres preguntas que presenta o Sr. Marante, e que está na súa quenda de palabra, e que despois o Sr. Marante poderá falar, insultalo, que é o que vai facer dentro dun instante, volver a insultalo.

Continúa dicindo que o concelleiro do PG formula tres preguntas, unha sobre o Sr. J. Losada, outra sobre G. Vocento e outra sobre unha factura do móbil. Di que é indudable que as preguntas nun pleno están pensadas para control do goberno, pero que parece que o Sr. Marante ten renunciado a iso e o seu grande obxectivo é preguntarlle a el, porque as poucas preguntas que fai, a maioría delas van dirixidas a el, parece que ningún veciño lle di que é o que pasa, todo é Salcines, Salcines, Salcines, e leva así como medio ano ou un ano enteiro. Pero di que o que máis graza lle fai é que despois o chama todo o mundo e lle di

que estiveron con Marante e que lles dixo que se ían rir de Salcines no pleno, e que cando chegara á pregunta do móbil, aí o ía destrozando vivo. Di que o Sr. Marante leva toda a semana dicindo iso, que se ía rir del. Dille que faga o que lle dea a gana, que ten todo o dereito a rirse del, pero que se o que lle preocupara tivera sido o protocolo, e non buscar un motivo de chiste, facer unha burla sobre el, posiblemente entón o Sr. Marante non tería gastado cerca de 4 millóns de pesetas dende o ano 2005 ata finais do ano 2006, en protocolo, na mesma partida que busca as súas facturas, que no seu caso non son máis de cento e pico euros, pero di que se van á contabilidade municipal e ven o que gastou o Sr. Marante en protocolo no exercicio das súas funcións, o mesmo que el agora gasta nas súas, a contía do Sr. Marante é de 22.000 euros. En todo caso, supón que se así o fixo, tería algún motivo para facelo.

Continúa dicindo que o que quere sinalar é que el, nos gastos que realiza, só se debe á súa lealdade ao alcalde, á legalidade, da cal responde.....

Don Manuel Marante Gómez pídelo ao Sr. Salcines que lle conteste ao que lle pregunta, e o Sr. Salcines contesta que está na súa quenda.

O Sr. alcalde pide reiteradamente orde, e di que se pode opinar pero non insultar.

O Sr. Marante di que esixe que se lle conteste ao que pregunta.

Don José Venancio Salcines Cristal dille que pode esixir o que queira, pero que como dicía el se debe á legalidade, á intervención, e ao departamento de Persoal, e se o Sr. Marante cre que el no exercicio das súas funcións, comete algún tipo de ilegalidade, pídelo que o denuncie, que ten o camiño dos xuíces, que vaia alí e que o diga, pero non lle vai dar ningún tipo de explicación, e o único que lle vai dicir é que de ética o Sr. Marante non lle pode dar a el ningunha lección, nunca, e dille máis, respecto do gasto de móbil que está aí, houbo unhas chamadas indebidas porque estivo no extranxeiro e recibiu chamadas, pero cando volveu, pagounas do seu peto, e hai xustificante da súa data e hora, e ninguén lle tivo que dicir o que tiña que facer, porque el o ten moi claro na política.

Conclúe dicindo que con isto dá todas as preguntas do PG por contestadas.

Don Manuel Marante Gómez di que el fai as preguntas para que se lle conteste ao que pregunta, e el non preguntou ao Sr. Salcines, nin lle dixo nada de todos eses gastos que di que el ocasionou nos anos 2005 e 2006. Expón que dicir que el gastou en protocolo 5000

euros, ou 4 millóns de pesetas, porque xa non sabe o que dixo, é absolutamente falso, e pídelle que llo demostre con facturas, pero que a el lle conteste ás preguntas que fai, que para iso están aquí, para que o Sr. Salcines lle conteste ao que lle pregunta, non para que lle conteste o que lle dea a gana, e se el lle pregunta que xestións de interese para os veciños de Cambre realizou o Sr. Salcines o día 13 de xuño cun tal Javier Losada, pídelle que lle conteste a iso, porque non preguntou se o Sr. Salcines fixera ou non fixera, se gastara ou se deixara de gastar, el fixo unha pregunta, e espera a contestación.

Ante o silencio do Sr. Salcines o Sr. Marante dille que se non quere contestar, entón que el lle dirá que non é J. Losada como dicía.

O Sr. Salcines di que non hai quenda de réplica.

O Sr. Marante di que lle dá igual que non faga réplica, pero que igual que o Sr. Salcines dixo o que lle pareceu, el tamén pode dicilo. Pide que se lle conteste ao que pregunta, e que se el preguntou por esa data e por ese tal Javier Losada, porque na factura non pon que sexa o alcalde da Coruña, e el tamén coñece un mecánico con ese nome, e que tamén toma cañas que lle gustan moito. Di que o Sr. Salcines pon nesa data unha invitación a Javier Losada, non a J. Losada, e que tomaron nese día 13/6/09, 17 cañas, 2 téis con xeo, 2 augas minerais, 2 martinis vermellos, e unha coca-cola light. Supón que iría contento coa invitación, pagado iso cos impostos dos veciños de Cambre. El pregúntalle que xestións fixo para gastar os cartos dos veciños de Cambre, e o Sr. Salcines só lle di que el gastou, gastou, gastou, pídelle que demostre que el gastou.

Continúa dicindo que lle formula a segunda pregunta, e que se quere contestar que a conteste, e que se non, que faga o que lle pareza, porque o mesmo que lle fixo hoxe estas preguntas ao Sr. Salcines, outro día fainas a outros concelleiros. Outras veces contestan outros concelleiros a outras cousas e non porque vaia a por eles, senón simplemente porque ten curiosidade polas cousas, por sabelas e por informarse. Di que el só pode facer tres preguntas en cada pleno, tres, e neste pleno tocáronlle ao Sr. Salcines as tres, porque pediu un informe dos gastos do concelleiro de Facenda dende que entrou aquí, hai dous anos e pico, tardaron catro meses en darlle acceso á información, e esta é a primeira ocasión que ten para facer preguntas con respecto á documentación que pediu.

Conclúe dicindo que se o Sr. Salcines non lle quere contestar ás preguntas, ese é o seu problema, pero que llas vai ler, e se o Sr. concelleiro non lle contesta, entón faralo el.

2ª Que xestión de interese para os veciños de Cambre realizou o Sr. Salcines o día 29 de xaneiro de 2009, na reunión que mantivo con xornalistas G. Vocento?

Don Manuel Marante Gómez pregunta se, entón, o Sr. Salcines non contesta, e que se non quere dicir que xestións fixo, que é el o que ten que dicir que o 29 de xaneiro de 2009 o Sr. Salcines pasou unha factura aos veciños de Cambre, aos seus impostos, onde pon “reunión xornalistas Grupo Vocento”, unha factura por unha enchedela de 126 euros.

Di que non é moito, pero que todas van sumando, e que como o Sr. Salcines segue sen querer contestar, entón le a seguinte pregunta.

3ª A factura mensual de internet que paga o Concello de Cambre para uso do Sr. Salcines é aproximadamente de 30 € A factura do móbil oscila entre 100 e 200 € Pode o Sr. concelleiro explicar o motivo polo que o concello pagou no mes de novembro de 2008, 410,4925 € de internet, e 731,2272 € de móbil?

Don Manuel Marante Gómez di que aínda despois de que a Escola de Finanzas teña reembolsado ao concello 518 euros do total dese importe, dicindo que eran gastos in itinere que non lle correspondían ao concello, aínda así, duplicou a media que traía de facturación. Primeiro o concello pagou o custo do teléfono que o Sr. concelleiro ten para usar para os veciños de Cambre, non para os seus temas persoais, pagou unha factura de 1000 e pico euros, e despois a Escola de Finanzas devolve, de alí a dous meses, 518 euros. Di que iso é malversación de fondos públicos, o que pasa é que as cantidades son pequenas.

O Sr. Salcines Cristal dille que vaia ao xulgado.

O Sr. Marante Gómez pídlle que lle deixe falar, porque para contestar iso é mellor que non lle conteste nada, que el está falando con documentos contables do concello, e que, efectivamente, son cantidades pequenas, pero que moitas pequenas fan unha grande, e iso é unha mostra do que se fai cos cartos dos veciños, os cales teñen que loitar moito para pagar.

Continúa dicindo que, nun rogo anterior, o Sr. Salcines dicía que cos veciños de Pravio víase moi a miúdo, e que sabía moi ben o que ían facer. Di que claro que os ve, que os invita a cervezas, e que as paga cos impostos de todos os veciños de Cambre, e que as cousas vanse saber aínda que o Sr. Salcines non fale. Por exemplo, figura unha reunión con veciños de Pravio, dúas facturas o mesmo día (unha debeu ser antes da reunión e outra

despois), unha de 60 e pico de euros e outra de 60, de tomar as cervezas cos veciños de Pravio. E que así hai outras facturas máis.

O Sr. alcalde di que todo isto non viña na pregunta.

O Sr. Marante contesta que tampouco viña o que antes dixo o Sr. Salcines, e que se non lle mandou calar, que tampouco o mande calar a el.

O Sr. alcalde pide que non levante a voz e que se cinga ao punto.

Don Manuel Marante Gómez di que é conveniente que se saiba, que tamén hai unha reunión cos feirantes de Cambre, e que lles paga o polbo na pulpeira da feira, e quen paga son os veciños de Cambre. Di que os feirantes non pagan nada por estar na feira, e que por riba os veciños teñen que invitalos a comer. E así hai toda unha serie de follas con auténticas barbaridades, porque incluso cando ao Sr. Salcines lle apetece un xeadó, pola Coruña adiante, cómpralo e pásalle a factura ao Concello de Cambre.

O Sr. Salcines pídelles que sexa un pouco serio.

O Sr. Marante di que é unha vergonza e que o alcalde o permite, di que os dous son culpables de malversación de fondos.

O Sr. alcalde dille ao Sr. Marante que se segue por ese camiño, mal van.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia